

PLAN

ACOLLIDA



CEIP TARRÍO—CULLEREDO

PLAN XERAL DE PLAN DE ACOLLIDA

1	XUSTIFICACIÓN.....	2
2	REFERENTES E BASE LEXISLATIVA.....	2
3	OBXECTIVOS.....	3
3.1.	DE CARA AO ALUMNADO E FAMILIA DE NOVA INCORPORACIÓN EN XERAL.....	3
3.2.	DE CARA AOS MESTRES DE NOVA INCORPORACIÓN.....	4
4	DESENVOLVEMENTO DO PLAN.....	4
4.1.	ALUMNADO SEN ESCOLARIZAR. 3 ANOS.	
4.2.	ALUMNADO NOVO INFANTIL. 4 E 5 ANOS.	
4.3.	ALUMNADO DE PRIMARIA PROCEDENTE DO CRA OU DOUTROS CENTROS.	
4.4.	ALUMNADO ESTRANXEIRO.	
4.5.	PROFESORADO NOVO E SUBSTITUTO.	
5	AVALIACIÓN.....	5
6	ANEXOS.....	5

ANEXO I. DOCUMENTOS A ENTREGAR COA MATRÍCULA.

ANEXO II: FOLLA DE SEGUIMENTO DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN

ANEXO III: AVALIACIÓN PERÍODO DE ADAPTACIÓN

ANEXO IV: FICHA CONTROL AVALIACIÓN INICIAL 3 ANOS

ANEXO V: PERIODO DE ADAPTACIÓN. ALUMNADO DE 3 ANOS

ANEXO VI: CADERNO NENOS. NORMAS DE CONVIVENCIA

ANEXO VII: PLAN DE ACOLLIDA E ATENCIÓN AO ALUMNADO ESTRANXEIRO.

ANEXO VIII: DOCUMENTOS PROFESORADO NOVO.

ANEXO XIX: DOCUMENTOS PROFESORADO SUBSTITUTO.

1 XUSTIFICACIÓN.

Non cabe dúbida de que cada ano chegan por primeira vez ó colexio unha serie de persoas: ben alumnado, ben profesorado; e ese primeiro contacto, que sempre xera un certo estado de ansiedade, cómpre que sexa algo agradable e facilite unha mínima seguridade e tranquilidade dende os primeiros momentos.

No proceso de adaptación, as persoas teñen que coñecer ese lugar, facelo propio, establecer vínculos de relación... O ambiente debe presentarse rico en relacións e solidario coas necesidades de todos e todas.

Pero, para que iso suceda é necesario planificar eses primeiros instantes, eses primeiros días; planificación que debe realizarse dende dentro do sistema, dende o propio centro; de xeito que se acolla ós novos compañeiros e alumnos cun tacto especial, recoñecendo que a forma de resolver estas primeiras experiencias sociais e educativas terán grande influencia na historia escolar das persoas incorporadas.

Con esa intención é coa que se deseña e redacta este plan de acollida; que, como pode apreciarse na súa estrutura e desenvolvemento, contempla as novas incorporacións dende dous puntos de vista: dende o do alumnado e familias de novo ingreso e dende o do profesorado recién incorporado. Pensando neles establécense unha serie de obxectivos e actuacións que se recollen ó longo do plan e que teñen unha dobre finalidade: favorecer os primeiros contactos coa institución, por unha parte; e sistematizar e favorecer as actuacións dos distintos equipos existentes no colexio (equipo directivo, equipo docente,...) por outra.

Remata o plan, obviamente, coa exposición da forma en que se vai realizar o seu seguimento e avaliación.

2 REFERENTES E BASE LEGISLATIVA.

Este Plan de Acollida forma parte do Proxecto Educativo do Centro e trata de ser coherente co resto dos seus elementos. De feito trata de concretar liñas de actuación referidas nos seguintes documentos institucionais:

- Plan de convivencia.
- Plan de acción tutorial.
- Plan de Orientación.
- Plan Xeral de Atención á diversidade.
- Plan de acollida do alumnado estranxeiro.

Para a elaboración do presente Plan tomouse, ademais, como referencia seguinte base legislativa:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) modificada pola LOMCE Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- RD 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria
- Orde do 23 de novembro de 2007, pola que se regula a avaliación na Educación Primaria.
- Decreto 229/2012 que regula a atención á diversidade na CCAA de Galicia.

3 OBXECTIVOS.

3.1. DE CARA AO ALUMNADO E FAMILIA DE NOVA INCORPORACIÓN EN XERAL

- Facilitar o tránsito dende a familia ou doutra escola cunhas relacións coñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relacións.
- Tratar de que o neno asimile con naturalidade a separación do seu medio familiar, evitando a xeración de posibles conflitos.
- Acadar unha adaptación plena do alumnado á escola para o seu correcto desenvolvemento.
- Fomentar actitudes de respecto á diversidade, facilitando o proceso de integración ao grupo e centro.
- Establecer un ambiente ordenado e acoledor que favoreza a interrelación do grupo cos novos compañeiros.
- Facilitar a responsabilidade e axuda do alumnado do centro, cara os recién chegados para que coñezan o medio escolar, hábitos e normas básicas.
- Establecer liñas de colaboración coas familias, informais e impicalas no período de adaptación.
- Establecer uns criterios e unha temporalización do período de adaptación, adecuándoo ás circunstancias persoais de cada neno.
- Presentar a escola coma unha continuidade da familia, logrando que o ingreso na escola se produza sen sensación de abandono familiar.
- Coñecer as circunstancias persoais de cada alumno.
- Asumir, polo equipo de mestres o deseño curricular e posta en práctica da resposta pedagóxica a este alumnado.
- Aportar fundamentacións pedagóxicas que favorezan a organización e funcionamento do centro.
- Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.

3.2. DE CARA AOS MESTRES DE NOVA INCORPORACIÓN

- Presentar e presentarse ós novos compañeiros.
- Coñecer todas as instalacións do centro.
- Explicar a filosofía educativa do centro, anexando copia dos distintos plans e programacións.
- Informar ó profesorado novo do funcionamento xeral do centro.
- Propiciar a integración do profesorado novo na dinámica de traballo do colexio.
- Procurar que a adscrición do profesorado se realice en función das particularidades de cada aula e do mellor desenvolvemento do alumnado.

4 DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

Probablemente unha pausada lectura dos obxectivos que pretende acadar este plan de acollida permitan intuír cales serán algunhas das accións que posibiliten ou favorezan a incorporación do novo alumnado e profesorado, mesmo dos correspondentes criterios de adscricións ás aulas e/ou titorías; pois, non abonda cunha atinada redacción dos obxectivos; é necesario planificar unhas actividades que permitan acadalos.

De todo iso tratan os apartados que figuran a continuación.

4.1. ALUMNADO SEN ESCOLARIZAR. 3 ANOS.

AMBITO	TEMPORALIZACIÓN	ACTUACIÓNS	RECURSOS	
			HUMANOS	MATERIAIS
FAMILIAS	PERÍODO ADMISIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Reunións informativas: Información sobre o centro: proceso de matrícula, servizos e funcionamento. • Visita das instalacións. • Invitación á Tarrionería. 	Dirección do centro	Documentos de solicitude de admisión
	PERÍODO MATRÍCULA	<ul style="list-style-type: none"> • Convocatoria por SMS, taboleiro de administración e páxina web. • Quen somos. • A escola como entorno educativo. • O período de adaptación: criterios para a incorporación dos nenos e as vantaxes que supón facelo de forma progresiva e escalonada. • Explicación do contido do sobre de matrícula. • Anuncio próxima reunión setembro co equipo de infantil. 	Equipo de infantil e dirección do centro	Ver anexo I
	REUNIÓN SETEMBRO (antes do período lectivo)	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación do Equipo. • Funcionamento xeral do centro. • Así nos organizamos. • Liña metodolóxica. • Espazos • Planificación do período de adaptación coa recomendación de non empregar os servizos no mes de setembro. • Criterios de distribución do alumnado por titorías • Lectura de listados por grupos e baixada ás aulas cos titores 	Equipo de infantil e dirección do centro	<ul style="list-style-type: none"> • Documentos matrícula. anexo I (15) • Folla de seguimento do período de adaptación. anexo II. • Avaliación do período de adaptación. anexo III • Listado por titorías
	OUTUBRO. ENTREVISTA INDIVIDUAL	<ul style="list-style-type: none"> • Recibe e aporta información xeral sobre o neno. • Establecer un contacto persoal e recíproco como primeiro paso para a integración dos pais no centro e para a súa participación e implicación na tarefa educativa. • Proporcionar información de forma individualizada sobre o período de adaptación. 	Titores.	<ul style="list-style-type: none"> • Ficha de control de avaliación inicial anexo IV
	TODO O CURSO	<ul style="list-style-type: none"> • Información xeral sobre a marcha na escola do neno 	Titores	<ul style="list-style-type: none"> • Axenda • Titorías
ALUMNADO	SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de acollida • Coñecer compañeiros /adultos • Coñecer o espazo • Coñecer os tempos: rutinas 	Titores, apoios e especialistas.	<ul style="list-style-type: none"> • Período de adaptación anexo V

4.2. ALUMNADO NOVO DE INFANTIL. 4 E 5 ANOS.

Para a acollida do alumnado novo de 4 e 5 anos seguirase o procedemento do alumnado de 3 anos excepto o período de adaptación, salvo casos que así o requiran.

4.3. ALUMNADO DE PRIMARIA PROCEDENTE DO CRA OU DOUTROS CENTROS

	TEMPORALIZACIÓN	ACTUACIÓNS	RECURSOS	
			HUMANOS	MATERIAIS
AMBITO	PER. ADMISIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Reunións informativas: Información sobre o centro: proceso de matrícula, servizos e funcionamento. • Visita das instalacións. • Invitación á Tarrimería. 	Dirección do centro	Documentos de solicitude de matrícula
	PER. MATRÍCULA	<ul style="list-style-type: none"> • Convocatoria por SMS, taboleiro do centro e páxina web. • Quen somos. • A escola como entorno educativo. • Explicación do contido do sobre de matrícula. 	Dirección do centro	<ul style="list-style-type: none"> • Ver anexo I
	1º DIA DO CURSO	<ul style="list-style-type: none"> • Recepción colectiva aos pais e nais que acompañen ao alumnado de nova incorporación. • Presentación dos titores e do equipo de primaria. 	Equipo de primaria e dirección do centro	<ul style="list-style-type: none"> • Listado titorías
	OUTUBRO. REUNIÓN POR CICLOS	<ul style="list-style-type: none"> • 1ª parte colectiva: <ul style="list-style-type: none"> - Presentación do Equipo. - Funcionamento xeral do centro. - Así traballamos. - Liña metodolóxica. • 2ª parte por titorías: <ul style="list-style-type: none"> - Funcionamento da titoría. 	Titores e membro do equipo directivo	<ul style="list-style-type: none"> • Convocatoria da reunión • Criterios de promoción e avaliación.
	OUTUBRO. ENTREVISTA INDIVIDUAL	<ul style="list-style-type: none"> • Recibe e aporta información xeral sobre o neno. • Establecer un contacto persoal e recíproco como primeiro paso para a integración dos pais no centro e para a súa participación e implicación na tarefa educativa. 	Titor e familia	<ul style="list-style-type: none"> • Convocatoria por axenda • Rexistro dos datos relevantes
	ALUMNADO	1º DÍA DO CURSO	<ul style="list-style-type: none"> • Acto institucional. Recepción colectiva: apertura e presentación do curso. • Traslado ás aulas cos respectivos titores. Presentación e coñecemento mutuo. • Actividades que favorezan a relaxación e integración grupal. • Actividades de coñecemento do centro e das súas normas, dereitos, deberes... • Presentación dos ciceróns de 6º que os acompañarán ao bus todos os días durante un mes. 	Todo o profesorado do centro.
CANDO HAXA NOVAS INCORPORACIÓNS		<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de integración do alumnado de nova incorporación. • Titorización con iguais, especialmente nos momentos de descanso. 	<ul style="list-style-type: none"> • Titores 	<ul style="list-style-type: none"> •

4.4. ALUMNADO ESTRANXEIRO

Ver anexo VII

4.5. PROFESORADO NOVO E SUSTITUTO

AMBITO	TEMPORALIZACIÓN	ACTUACIÓNS	RECURSOS	
			HUMANOS	MATERIAIS
NOVO PROFESORADO DEFINITIVO	MAIO	<ul style="list-style-type: none">• Invitación á Tarrionería	Dirección do centro	
	XUÑO	<ul style="list-style-type: none">• Presentacións.• Información xeral sobre o centro• Visita das instalacións	Dirección do centro	
PROFESORADO NOVA INCORPORACIÓN SETEMBRO	1º CLAUSTRO SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none">• Café de acollida.• Presentacións.• Funcionamento dos primeiros días• Avance adscrición• Entrega de carpeta e USB	Claustro	<ul style="list-style-type: none">• Documentos profesorado. Ver anexo VIII
PROFESORADO SUSTITUTO	NO MOMENTO DA INCORPORACIÓN	<ul style="list-style-type: none">• Toma de posesión• Presentación compañeiros• Visita instalacións• Presentación nenos/titoría• Funcionamento xeral do centro	Equipo directivo	<ul style="list-style-type: none">• Documentos profesorado substituto. Ver anexo VII

5 AVALIACIÓN.

Cando remate o período de acollida, faremos a pertinente avaliación do mesmo, analizando o grao de consecución dos obxectivo e das medidas propostas, para adecualo segundo as necesidades e incorporar medidas de mellora.

As actividades desenvolvidas neste plan adecuaranse á realidade do centro de cada curso.

6 ANEXOS

PLAN
DE
ACOLLIDA

ANEXOS

ANEXO I	DOCUMENTOS A ENTREGAR COA MATRÍCULA
ANEXO II	FOLLA DE SEGUIMENTO DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN
ANEXO III	AVALIACIÓN PERÍODO DE ADAPTACIÓN
ANEXO IV	FICHA CONTROL AVALIACIÓN INICIAL 3 ANOS
ANEXO V	PERIODO DE ADAPTACIÓN. ALUMNADO DE 3 ANOS
ANEXO VI	CADERNO NENOS. NORMAS DE CONVIVENCIA
ANEXO VII	PLAN DE ACOLLIDA E ATENCIÓN AO ALUMNADO ESTRANXEIRO
ANEXO VIII	DOCUMENTOS PROFESORADO NOVO
ANEXO IX	DOCUMENTOS PROFESORADO SUBSTITUTO

ANEXO I

DOCUMENTOS A ENTREGAR
COA MATRÍCULA



REUNIÓN FAMILIAS NOVA INCORPORACIÓN CURSO 13/14

MÉRCORES	19 de XUÑO	17h
----------	------------	-----

- Entrega sobres matrícula
- Información Xeral

Convocar por mensario:

MÉRCORES, 19 de xuño, ás 17 h, reunión das novas familias no colexio para entrega de sobres de matrícula e información xeral.



REUNIÓNS PRINCIPIO DE CURSO

13/14

ALUMNADO INFANTIL NOVA INCORPORACIÓN

XOVES	5 de setembro	11.30h
-------	---------------	--------

ALUMNADO INFANTIL DO CENTRO:

VENRES	6 de setembro	11.30h
--------	---------------	--------

A estas reunións non deben acudir os nenos.

ALUMNADO PRIMARIA NOVA INCORPORACIÓN

MÉRCORES	11 de setembro	10:30h Ao remate do acto de benvida do alumnado de E.Primaria
----------	----------------	---

Tarrío, 7 de xuño de 2013

DOCUMENTOS A ENTREGAR COA MATRÍCULA

TODOS	INFANTIL
1. Instrucións	13. Libro AZUL: período de adaptación.
2. Impreso matrícula	14. Libros dos pais: VERDE.
3. Solicitud uso dos servizos complementarios	15. Libros dos nenos: AMARELO
4. Transporte paradas 5. Autorizo /non baixar sos	16. Cuestionario inicial
6. Solicitud persoal colaborador comedor	17. Así nos organizamos + 1º día + reunión
7. Autorizo fotos	18. Probas de cribaxe do D.O.: CHEXI e/ou SDQ...
8. Información médica voluntaria	19. Cuestionario lingua materna
9. Tríptico cole Tríptico DO. LILA	20. Circular material Caderno biblio aula
10. Relación libros e material por cursos	<ul style="list-style-type: none"> • <i>En 3 anos. No momento de entregar a matrícula rexistrárase o grupo de adaptación (1 ou 2)</i> • <i>O carné do transporte entregarase ao alumnado de infantil e 1º de EP o primeiro día de clase.</i>
11. Caderno biblio verano	
12. Sobre ANPA	



MATRÍCULA 2013/14

PRAZO DE MATRÍCULA: do 20 ao 30 de xuño.

HORARIO:

DÍA	HORARIO
Xoves 20	10 a 13 hrs.
Venres 21	10 a 11,30 hrs.
Martes 25	10 a 13 hrs.
Mércores 26	10 a 11,30 hrs.
Xoves 27	10 a 13 hrs.
Venres 28	10 a 11 hrs.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

- Catro fotos tamaño carné (co nome e apelidos por detrás)
- Fotocopia do libro de familia ou DNI do alumno/a
- Fotocopia da tarxeta sanitaria
- Certificado do padrón
- Informe médico
- Certificación médica de intolerancia ou alerxia alimentarias, se é o caso.

(Se algunha desta documentación xa se entregou ao realizar a solicitude de admisión non será necesario entregala de novo)

INTRUCCÍONS PARA CUBRIR OS IMPRESOS DA MATRÍCULA:

A ter en conta:

- Importante indicar un número de teléfono para urxencias, onde se estea localizable.
- Non esquecer o nº do DNI do pai e da nai incluída a letra.
- Elixir entre Relixión ou atención educativa.
- En caso de solicitar os servizos complementarios indicar o nº de itinerario e a parada do transporte no sobre. Xúntase unha lista cos itinerarios e as paradas do transporte escolar.

Ademais do impreso de matrícula, deberanse cubrir os seguintes impresos:

- IMPRESO Nº 1: deberano de cubrir tódolos usuarios de transporte escolar.
- IMPRESO Nº 2: todo o alumnado.
- IMPRESO Nº 3 a cubrir en caso de consideralo necesario.
- IMPRESO Nº 4: cubrirano aqueles pais ou nais que desexen colaborar no comedor escolar, no caso de precisarse.

Alumnado de Educación Infantil:

- Deberedes cubrir, ademais o “**Cuestionario de avaliación inicial**”, así como o “**Cuestionario familiar sobre o desenvolvemento infantil**” (Este último, dado o seu carácter confidencial, debes devolvelo metido no sobre que se xunta.)
- Cubrir, se así o estimades convinte, o “**Cuestionario para as familias do alumnado de Educación Infantil**” no que se indica a lingua materna do seu fillo ou filla.



DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

DATOS DO CENTRO

NOME LOCALIDADE

DATOS DA/O ALUMNA/O SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS DO PAI

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS DA NAI

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

TELÉFONO FAX MÓBIL ENDEREZO ELECTRÓNICO

De conformidade co establecido no capítulo V da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do __ de _____ de ____ pola que se regula o procedemento da admisión de alumnado en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria e bacharelato en centros sostidos con fondos públicos.

SOLICITO:

A matrícula no centro para o curso escolar no nivel e curso que a continuación se detallan:

EDUCACIÓN INFANTIL (2º ciclo)

Curso: 4º 5º 6º

EDUCACIÓN PRIMARIA

Curso: 1º 2º 3º 4º 5º 6º

Indicar a opción elixida:

Relixión (Católica, evanxélica, islámica, xudía, ...) Atención educativa

Solicita servizo de comedor Solicita servizo de transporte

Autorizo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, só aos únicos efectos de optar aos servizos complementarios de comedor e/ou transporte escolar.

SI NON (Neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co artigo 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de residencia do solicitante no sistema de verificación de datos de residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, só aos únicos efectos de optar aos servizos complementarios de comedor e/ou transporte escolar.

SI NON (Neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, a lle solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria, só aos únicos efectos de optar aos servizos complementarios de comedor e/ou transporte escolar.

SI NON (Neste caso achegarase a documentación correspondente)

SINATURA DO PAI, NAI OU REPRESENTANTE LEGAL

Lugar e data , de de

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS
(A Cubrir polo Centro)

- Con dereito:
- Ser da zona de escolarización (endereço familiar ou laboral)
 - Ser forzoso (derivado pola Comisión de Escolarización)
 - Ser irmán de forzoso. Curso do irmán:
- Sen dereito (Os que pediron voluntariamente o centro sendo doutra zona de escolarización)

Observacións:

Transporte escolar:

Itinerario nº: Parada:



IMPRESO Nº 1

TRANSPORTE ESCOLAR BAIXADAS

D./Dª , con DNI nº

nai/pai/titor-a do alumno/a do grupo

actualmente usuario do transporte escolar Itinerario nº

Parada

- AUTORIZA** que o seu fillo/a baixe do autobús escolar nesa parada e que se traslade só ao seu domicilio, baixo a súa responsabilidade.
- NON AUTORIZA** que baixe só e será recollido puntualmente na parada pola seguinte persoa ou persoas:

NOME DA PERSOA AUTORIZADA	PARENTESCO

Autorizo ao mesmo tempo a dar os seguintes teléfonos de contacto aos responsables do transporte escolar (coidadores e transportistas) :

Tfn.1		Tfn.2	
-------	--	-------	--

A presente autorización terá validez para toda a escolaridade do/a alumno/a.

Tarrío, de de 20...

Asdo:

SRA. DIRECTORA DO CEIP TARRÍO-CULLEREDO

CEIP DE TARRÍO-CULLEREDO. TRANSPORTE ESCOLAR. CURSO12/13

ITINERARIO Nº1		HORA
1	VALLESUR 1	8:55
2	LOS OLIVOS (Provisional)	
3	VALLESUR 2	
4	VALLESUR 3	
5	SOUTO	
6	COLEXIO	

ITINERARIO Nº 2		HORA
1	ORRO POBO	8:55
2	ORRO PONTE	
3	PRECELO	
4	A CAÍNAS	
5	FIGUEIRAS	
6	CLUB TENIS	
7	GARROCHA	
8	CILLOBRE 1	
9	CILLOBRE 2	
10	CRUCE REIXAS	
11	AS REIXAS	
12	COLEGIO	

ITINERARIO Nº 3		HORA
1	XALO	8:50
2	CASTELO	
3	VILLAVERDE	
4	VILLAVERDE 2	
5	FOLGUEIRA	
6	DONEPEDRE	
7	VINSEIRA GRANDE BIBIANA	
8	VINSEIRA GRANDE CURVA	
9	CRUCE VINSEIRA	
10	SUEIRO BARRIO	
11	SUEIRO MARQUESINA	
12	CASAL 1 CANTEIRO	
13	CASAL 2 PARRILLADA	
14	VALIÑAS 1	
15	VALIÑAS 2	
16	AIAN	
17	BARRIE	
18	COLEXIO	

ITINERARIO Nº 4		HORA
1	CABANA Nº1	8:50
2	CABANA Nº2	
3	PEIRO DE ABAIXO	
4	PEIRO	
5	PEIRO DE ARRIBA	
6	POZO DA CRUZ	
7	ERMIDA DE TERNANDE 2	
8	ERMIDA DE TERNANDE	
9	CELAS DE PEIRO	
10	GÁNDARA	
11	FABRICA PENSO	
12	VINSEIRA PEQUENA	
13	SESAMO BAR CENTRO	
14	SESAMO NAVEIRAS	
15	COLEXIO	

ITINERARIO Nº 5		HORA
1	RUMBO 1	8:50
2	RUMBO 2	
3	BOEDO	
4	BREGUA	
5	O COUSO MARQUESINA	
6	LEDOÑO CRUCE	
7	LEDOÑO CARABELA	
8	LEDOÑO	
9	CRUCE SAN COSME	
10	TARRIO	
11	COLEXIO	

ITINERARIO Nº6		HORA
1	HOMBRE	9:05
2	IGREXA ALMEIRAS	
3	LA PALMA (maiores)	
4	LAVADERO ALMEIRAS PELAMIOS	
5	ALMEIRAS-FRICOSA	
6	ALMEIRAS-TRANSFORMADOR	
7	COLEXIO	

ITINERARIO Nº7		HORA
1	PORTAZGO (Radio Culleredo)	9:05
2	FONTECULLER	
3	COLEXIO	

ITINERARIO Nº 8		HORA
1	CORVEIRA	9:05
2	VILABOA IGLESIA	
3	COLEXIO	

ITINERARIO Nº 9		HORA
1	VILABOA (Confiteria)	9:10
2	VILABOA CENTRO (saída Dia e Caixa Galicia)	
3	VILABOA FLORISTERIA	
4	COLEXIO	

ITINERARIO Nº 10		HORA
1	AUGAS MANSAS	8:40
2	CRUCEIRO DE LAXE	
3	ALVEDRO	9:05
4	GRAMALLEIRA	
5	CUCHARAS	
6	LIÑARES 2	
7	LIÑARES 1	
8	LORO	
9	CENTRO CULTURAL CULLEREDO	
10	RITA-TOROÑO	
11	COLEXIO	

ITINERARIO Nº11		HORA
1	TASCA	9:00
2	LABORAL	
3	TIERNO GALVÁN	
5	BOSQUE	
6	HERMIDA	
7	BAR NOVO	
8	FONTEMAYOR	
9	COLEXIO	

ITINERARIO Nº12		HORA
1	SERVICIOS MÚLTIPLES (S11)	9:05
2	COLEXIO	

ITINERARIO Nº13		HORA
1	JUAN CARLOS I (paso peóns)	9:05
2	COLEXIO	

ITINERARIO Nº14		HORA
1	GADIS (Paseo marítimo Burgo)	9:00
2	PARQUE EUROPA/PLAZA GALICIA	
3	LA PALMA	
4	COLEXIO	



IMPRESO Nº 2

Don/Dona con DNI nº
 pai/nai/titor/a do alumno/a

- AUTORIZO
- NON AUTORIZO

ao CEIP Tarrío-Culleredo á realización de fotografías e vídeos de diferentes actividades nas que participe o alumno antes citado, e a súa distribución ás familias dos alumnos interesadas e a ANPA, así como a utilización das imaxes nos recursos educativos do Centro (murais, periódico escolar, páxina web do centro, blogs ...)

Os recursos educativos son de carácter universal, gratuito e aberto, estando suxeitos, exclusivamente, a un uso educativo non comercial. As accións, produtos e utilidades derivadas da súa utilización non poderán, en consecuencia, xerar ningún tipo de lucro.

- DA O SEU CONSENTIMENTO
- NON DA O SEU CONSENTIMENTO

para que, dada a natureza e obxecto dos recursos educativos que desenvolven os centros dependentes da Consellería de Educación e O. U., a súa imaxe poida ser cedida a terceiros, sempre que dita cesión se axuste ás condicións expresadas no parágrafo anterior.

A presente autorización terá validez para toda a escolaridade do/a alumno/a.

En Culleredo, a de de 200...

Asdo.:
 O pai/nai/titor/titora



IMPRESO Nº 3

Información médica voluntaria

D/D^a
 pa/nai/titor/titora do alumno/a:
 que se matricula no curso quere informar ao titor/a do/a seu/súa fillo/a
 que:

- Padece as seguintes enfermidades:

- Está seguindo o seguinte tratamento:

- Outros datos médicos de interese:

Esta información deberá ser tida en conta nos seguintes casos:

-
-
-

Igualmente está ao corrente de que o Colexio pode solicitar á familia os documentos que acrediten tal situación.

Culleredo, de de 20.....

O pai/nai/titor:

Asdo.:

ALERTA ESCOLAR

Este Centro está acollido ao programa da Consellería de Educación de **Alerta Escolar** para a atención inmediata e eficiente do alumnado que presente unha patoloxía crónica e poda desenvolver en calquera momento unha crise das seguintes:

1. Crises alérxicas (anafilaxia) por exposición a alérxenos alimentarios.
2. Crises comiciais (epilepsia nas súas diferentes formas)
3. Crises diabéticas (en xeral hipoglucemias)

No caso de estar interesado en acollerse a dito programa debe poñerse en contacto coa Dirección do Centro.

D./Dna. con D.N.I. nº
pai/nai de, con domicilio a efectos de
notificación no CEIP Tarrío-Culleredo

EXPÓN:

- Que o seu fillo/a está matriculado no curso de Educación
para o curso escolar 13-14 no CEIP Tarrío-Culleredo.
- Que lle foi comunicado por parte da dirección do centro:
 - Que o/a seu fillo/a non ten dereito ao servizo de transporte escolar.
 - Que pode solicitar a autorización provisional e a precario conforme ao
recollido nas instrucións de acceso aos servizos complementarios
da Secretaría Xeral.
- Que dadas as nosas condicións laborais é materialmente imposible
desplazáronos ao centro para que o noso fillo/a cumpla co seu horario escolar
puntualmente.
- Que temos a posibilidade de que sexa entregado e recollido na parada de
..... do itinerario nº sen que esto trastorne as condicións tanto
laborais como familiares.

POLO QUE SOLICITA:

- Lle sexa concedida autorización a
para utilizar o servizo de transporte escolar no curso 13-14 no itinerario nº.... e
na parada..... .

Culleredo, a de de 2013

Asdo.



IMPRESO Nº 4

SOLICITUDE
PERSOAL COLABORADOR DO COMEDOR ESCOLAR

D./Dna. con D.N.I.
 do/a alumno/a
 que no curso actual está matriculado no grupo
 Teléfonos de contacto:

Entidade	Sucursal	D.C.	Número de conta

SOLICITA SER PERSOAL COLABORADOR DO COMEDOR ESCOLAR DO C.E.I.P. DE TARRÍO (CULLEREDO) PARA O CURSO

Tarrío, de de

Asdo.

Sra. DIRECTORA DO C.E.I.P. DE TARRÍO (CULLEREDO)

COMUNICACIÓN FAMILIA-ESCOLA

A apertura do centro á participación das familias é un dos nosos sinais de identidade. Para promover esa participación empregamos os seguintes medios de intercomunicación:

✦ Reunións colectivas: Sempre se celebra unha a principio de curso para presentar ao profesorado e poñer en común os proxectos do curso. Convócanse outras para comentar a marcha do curso ou cando existe un motivo para facelas.

✦ As titorías: son entrevistas individuais co titor/a. Estas entrevistas poden ser solicitadas polo propio profesor ou polas familias. Para estas entrevistas o horario marcado que é os mércores de 16:30 a 17:30h, aínda que se poden realizar noutro día e hora previa petición.

✦ Circulares - Cadernos de pais e nais: Documentos do centro para informar de todo o relacionado coa súa organización e funcionamento.

✦ Axenda: Ademais de empregala como ferramenta de organización do estudio por parte do alumnado, é empregada polas familias e profesorado para “recados” curtos.

✦ Teléfono, fax e correo electrónico.

TARRIOMERÍA

No último sábado de maio celebramos unha xornada de portas abertas como punto de encontro de toda a comunidade educativa así como con todas as persoas e institucións que teñen vinculación co noso centro educativo. Ademais de compartir xantar celébranse variadas actividades lúdicas.

A NOSA IDENTIDADE

► Fomento da lectura como fonte de documentación e por pracer.

► Potenciación dos valores de solidariedade, democracia e coeducación

► Respecto á diferenza como valor enriquecedor e non motivo de discriminación.

► Apertura a tódolos sectores da comunidade educativa no convencemento de que a colaboración é o mellor medio de incrementar a calidade.

► Respecto pola Natureza e o Medio ambiente.

► Promoción e introducción das novas tecnoloxías na tarefa diaria das aulas.

► Atención á expresión plástica fomentando a creatividade.

C.E.I.P. Plurilingüe de Tarrío Culleredo



Rúa As Paxariñas, 72
15189 Tarrío-Culleredo (A Coruña)
Teléfono: 981 677 657
Fax: 981 648 915
Correo electrónico: ceip.tarrío@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipdetarrío>

DATOS

SITUACIÓN

Tarrío: 1 km da Casa do Concello de Culleredo e a 11 km da Coruña.

ESPECIALIDADES DO PROFESORADO

Ed. Infantil, Ed. Primaria, Ed. Musical, Inglés, Auxiliar de conversa con profesora nativa, Francés, Ed. Física, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e Orientación.

TIPO DE CENTRO

Somos un colexio público de Educ. infantil e primaria no que se escolarizan nen@s de 3 a 12 anos.

HORARIO

Horario lectivo		09:30 – 13:20 15:20 – 16:30
Xantar	1º turno	13:20 – 14:20
	2º turno	14:20 – 15:20
Actividades	1º turno	13:20 – 14:20
	2º turno	14:20 – 15:20
Saída transporte		16:30

INSTALACIÓNS

Ademais das aulas de infantil e primaria contamos con aulas específicas de: Informática, Biblioteca, Música, Idiomas, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Audiovisuais, Ximnasio, Medio ambiente....

Espacios exteriores

En 12.000 m² contamos con:

- ▶ zonas de xardín con máis de 300 especies arbóreas identificadas.
- ▶ parques infantís.
- ▶ invernadoiro.
- ▶ patio cuberto.
- ▶ pista polideportiva e canchas de balonmán, baloncesto...
- ▶ servicios e vestiario

SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

TRANSPORTE

Os usuarios do transporte escolar deste centro contan con 14 rutas para a súa distribución nas horas de entrada e saída.

COMEDOR

Organizado e xestionado polo propio centro, e dependente da Consellería de Educación e O.U.

Todos os becarios deste servicio utilizan gratuitamente o servicio de comedor.

O resto do alumnado pode utilizar este servicio, solicitándoo á dirección do centro, abonando o

ACTIVIDADES

O Centro, en colaboración coa ANPA e co Concello de Culleredo, dispón dun amplo abano de actividades extraescolares: deportivas culturais e ao aire libre ...

SAÍDAS E ACTOS EDUCATIVOS

No noso centro entendemos que as saídas teñen un carácter educativo da mesma importancia que as actividades de aula.

Por esta razón no inicio do curso escolar prográmanse excursións a diferentes lugares, exposicións, concertos e outros actos culturais nos que os alumn@s ademais de pasar unha xornada lúdica e fora da rutina, coñecen novas realidades que lle axudan na súa formación.

Con carácter xeral, participamos nas actividades organizadas tanto polo noso concello de Culleredo como polo de A Coruña.

Igualmente prográmanse ao longo do curso certos actos e festividades que afectan a todo o centro como colectivo: Nadal, Magosto, Entroido, Mes das letras, Paz...

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Contamos con este departamento, que entre outras funcións, se encarga do asesoramento ós alumn@s, ás familias e ó profesorado.

NO NOSO COLEXIO TEMOS...

Novas tecnoloxías

Centro Educativo Dixital. O centro forma parte do Proxecto Abalar. Todos e cada un dos alumn@s das aulas Abalar disporán dun Netbook.

Na aula de informática, dotada con ordenadores de última xeración con pantalla plana, encerado interactivo dixital e canón de proxección, tódolos alumn@s traballan, como mínimo, unha hora á semana. Ademais, en cada aula hai un ordenador con acceso a internet.

Centro plurilingüe:

Impártese en inglés a área de Plástica en todos os cursos de Primaria, contando con auxiliar de conversa nativa.

Medio ambiente

No noso centro levamos a cabo unha campaña permanente de concienciación na necesidade de coidar o medio ambiente e a natureza como un dos valores educativos máis importantes. Por iso temos campañas de recollida de pilas e papel e coñecemos e coidamos as nosas árbores.

Participamos cun proxecto anual no Proxecto “Voz Natura”

Programa de Lectura Silenciosa Sostida (PLSS)

Todo o alumnado e profesorado do centro ao longo de todo o curso e todos os días durante 20 minutos, ao mesmo tempo, para xerar un ambiente lector sen ruidos nin interrupcións, lemos en silencio un libro que cadaquén elixe.

Biblioteca

Incluída no Plan de Mellora subvencionada pola Consellería de Educación dende o curso 06-07.

- ☺ + 4.000 volumes de consulta e lectura.
- ☺ Servicio de préstamo informatizado.
- ☺ Lectura na propia sala nos tempos de recreo.
- ☺ Proxectos Documentais Integrados, onde todo o alumnado traballa e investiga en torno a un mesmo tema.
- ☺ Contacontos.
- ☺ Ordenadores con acceso a internet.
- ☺ Campañas permanentes de animación á lectura.
- ☺ Itinerarios lectores

E tamén ...

Programa de lectura eficaz desde 2º

¿Que estamos a facer?

Levamos a cabo, entre outros, os seguintes **programas**:

⇒ **Estimulación da linguaxe oral**: en Educación Infantil e 1º curso de Primaria.

⇒ **Prevenção da hipoacusia**: dirixido aos alumn@s de 4 anos.

⇒ **Atención á diversidade e necesidades educativas especiais**.

⇒ **Plan de acollida** dos novos alumn@s.

⇒ **Transición á ESO**: dirixido aos alumn@s de 6º.

⇒ **Aprender a Estudiar** cos alumn@s do 3º ciclo (5º e 6º)

⇒ **Fomento da lectura**:
Dinamización da Biblioteca do Centro.

⇒ **Encontros cos pais e nais**.

⇒ **Sé máis amable. Serás máis feliz**: Campaña permanente para mellorar a nosa convivencia e acción tutorial en valores.

⇒ **Mediación de recursos**:
Intentamos satisfacer as demandas formuladas por tódolos sectores da Comunidade Educativa.

⇒ **Establecemento de canles de información**:

☺ Coas familias: *Cadernos de pais e nais*.

☺ Co alumnado: *Cadernos dos nen@s*

☺ Co profesorado: *Circulares e taboleiros informativos*.

CEIP Tarrío Culleredo



Departamento de Orientación



Rúa As Paxariñas, 72
15189 Tarrío-Culleredo (A Coruña)
Teléfono: 981 677 657
Fax: 981 648 915
Correo electrónico: ceip.tarrio@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/ceipdetarrio>

O Departamento de Orientación

¿Que é?

É un servizo do centro que pretende axudar e asesorar aos alumn@s, ás familias, ao profesorado e ao centro en xeral ao longo de todo o proceso educativo dos vosos fillos e fillas.

¿Quen o forma?

O Departamento de Orientación está formado por este profesorado:

- ⇒ A Orientadora
- ⇒ Especialistas en Pedagogía Terapéutica
- ⇒ Especialistas en Audición e Linguaxe
- ⇒ Os coordinador@s de cada un dos catro ciclos
- ⇒ A Representante do Centro que temos adscrito: CRA de Culleredo

¿Para que serve?

- ⇒ Orienta aos pais e nais sobre distintos aspectos da educación dos seus fillos e fillas.
- ⇒ Trata de facilitar a colaboración entre o colexio e as familias.
- ⇒ Axuda e orienta ao profesorado para atender aos nenos e nenas que teñen dificultades.
- ⇒ Propón, planifica e fai seguimento dos apoios específicos (PT, AL)
- ⇒ Avalía ó alumnado con necesidades específicas
- ⇒ Facilita propostas que permiten integrarse no seu grupo clase a tódolos nenos e nenas.
- ⇒ Colabora con cada un dos profesores para mellorar a calidade educativa.
- ⇒ Pon en marcha programas preventivos.
- ⇒ Colabora en actividades xerais como: Biblioteca, visitas, conmemoracións... coa fin de que todas as actividades sirvan de medios para integrar a tódolos alumnos nun proxecto común e os fagan sentirse membros importantes dun colectivo.
- ⇒ ...

¿Como podemos axudarnos?

- ⇒ Falando cos vosos fill@s. Escoitando as súas vivencias na escola para detectar canto antes posibles problemas.
- ⇒ Transmitindo toda a información que consideredes de interese. Só falando dos problemas podemos solucionarlos.
- ⇒ Reclamando axuda sempre que o consideredes necesario a través do titor e da orientadora.
- ⇒ Facendo chegar ao centro as vosas propostas, suxestións ou ideas.
- ⇒ Participando sempre que se pida a vosa presenza na escola.
- ⇒ Estando atentos aos avances académicos dos vosos fill@s e solicitando información sobre eles.
- ⇒ Creando hábitos de estudo e fomentando a súa autonomía.

Caderno de pais e nais

**CEIP TARRÍO
CULLEREDO**



**PERÍODO
ADAPTACIÓN
E. Infantil**

2014-2015



PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Estimados pais e nais:

Como ben sabedes, o momento de entrada na escola ten moita importancia na evolución que terá o voso fillo ou filla. Por iso é moi importante que xuntos o preparemos para que transcorra da mellor maneira posible.

A continuación expoñemos a organización desde momento:

PRIMEIRO DÍA

Tendo en conta a importancia que neste centro lle damos á acollida dos novos alumnos, recomendamos, salvo imponderables, que o alumnado de E. Infantil comece as súas clases o **xoves, día 12 de setembro**, é dicir, ao día seguinte lectivo do alumnado de E. Primaria. Facemos esta recomendación polos seguintes motivos:

- O día 11, mércores, incorpóranse todos os nenos e nenas de Primaria e, ademais, para moito alumnado de 1º curso será o primeiro día neste colexio comezando ao mesmo tempo o funcionamento do servizo de comedor escolar.
- Non estarán influídos polo nerviosismo que sempre produce o reencontro no principio de curso, xa que os alumnos de Primaria terán clase con normalidade. Así os pequeniños poderán ser os protagonistas absolutos do seu primeiro día.





4 e 5 ANOS

- Desde o xoves, día 12, terán clase con normalidade, no horario habitual:

9:30 – 13:20h	Período lectivo
13:20 – 15:20h	Comida
15:20h – 16:30h	Período lectivo Saída transporte

3 ANOS

- O alumnado de 3 anos de cada aula será repartido en dous grupos:
1 e 2
- Os días e horario no que virán os primeiros días son os seguintes:

PRIMEIRA SEMANA				
HORARIO	XOVES 12	VENRES 13	LUNS 16	MARTES 17
De 10 a 11:30h	1	1	1	1
De 12 a 13:30h	2	2	2	2

- De acordo con este horario, o alumnado de 3 anos non faría uso dos servizos complementarios (comedor e transporte) hasta o **mércres, día 18**.





**A partires do mércores, día 18 acudirán todos xuntos
no horario habitual: de 9:30 a 16:30h.**


Para facilitar a adaptación do alumnado de 3 anos recomendamos que durante o mes de setembro non se faga uso do servizo de comedor nin da hora da tarde. Deste xeito adaptaríase á aula durante todo o mes de setembro para empezar co horario habitual desde o primeiro día lectivo de outubro.

Fai todas as consultas que precisas ás miñas mestras, especialmente se ves que non me adapto ben á escola. Todos, vós e elas, tendes a obriga de tratar de que crezamos felices.



Caderno de pais e nais

**CEIP TARRÍO
CULLEREDO**



**BENVID@S
á
ESCOLA**



Estimados pais e nais:

Como ben saberedes, vir por primeira vez á escola é un gran paso na historia dos nenos e nenas. É unha das épocas de maior transcendencia na súa vida.

É preciso aunar esforzos, traballar conxuntamente a familia e a escola, para que estas primeiras experiencias sexan positivas, xa que delas dependerá a visión que cada neno se forme sobre a escola e influirá nas súas posteriores relacións sociais.

O ingreso na escola supón un gran CAMBIO na vida do voso fillo ou filla: na casa, o neno síntese protexido e é o centro de atención; na escola, síntese inseguro porque está nun lugar diferente e cuns nenos e cunhas persoas maiores que, de momento, non son da súa confianza e, aínda encima, ten que comparti-la atención co resto dos compañeiros.

O tempo que se emplea para que o neno asimile felizmente o desapego da nai é o que se chama 'PERÍODO DE ADAPTACIÓN'.

É responsabilidade dos pais e do colexio organizar este período adecuadamente para que o primeiro contacto coa escola non sexa traumático para o neno ou nena.

A continuación indicámosvos unha serie de SUXERENCIAS para poñer en práctica durante o verán, e que teñen como finalidade preparar ó neno para que o período de adaptación sexa máis fácil:





1. Sería interesante que durante o verán coñecese a algún neno veciño que como o teu fillo, veña a esta escola, para que non se sinta tan só nos primeiros días.



2. Non idealiza-lo colexio decíndolle que nel todo vai ser maravilloso, xa que na realidade o ingreso na escola supón unha separación do neno do seu entorno habitual e este feito, normalmente, produce nerviosismo, cambios de conducta e humor...



3. Pero tampouco caer no extremo contrario, amenazando ó neno coa escola cada vez que fai algo que non é do noso agrado, dicíndolles que cando vaian á escola váiselles castigar, van pasalo mal ou cousas parecidas.



4. Procurar eliminar, ou cando menos suavizar, esa tendencia agresiva (física ou verbal) que a veces teñen os nenos e nenas destas idades ante os demais nenos. É dicir, evitar frases como 'se te pegan, deféndete', e sustituilas por 'quere a tódolos nenos, van a ser os teus amigos'.





5. Falar co neno, de modo positivo, de todo o que viron na escola cando foron face-la matrícula: os espazos tan grandes, os nenos que xogaban no patio, a maestra tan cariñosa,...



6. Aproveita-lo verán para afianzar uns hábitos mínimos de autonomía:

- ☀ Control de esfínteres para non vir co cueiro ó cole.
- ☀ Limpase despois de facer caca ou pis.
- ☀ Limpar os mocos
- ☀ Abrir e pechar as billas.
- ☀ Lavar as mans e a cara sin axuda e sen mollar a roupa.
- ☀ Abrir e pechar as portas con coidado.
- ☀ Vestir e espir roupas cómodas.
- ☀ Beber e comer só.



7. Empezar con algunhas normas moi claras e que as cumplan:

- ☀ Pedir as cousas por favor. Dar as gracias.
- ☀ Saldar: bos días, boas tardes, boas noites, ata mañán, adeus...
- ☀ Esperar turno para falar e escoltar aos demais.
- ☀ Recoller un xogo antes de sacar outro.



Caderno das nenas




**CEIP TARRÍO
CULLEREDO**




**BENVID@
á
ESCOLA**






O teu colexio é moi grande e ten escaleiras, pero non te preocupes porque a túa clase está moi cerquiña da entrada e do patio.



Aquí, no CEIP de Tarrío hai moitos profes, aínda que ti vas ter unha para ti só.

Como a imaxinas?

Queres debuxala?




Tamén hai moitos nenos e nenas.


Algúns xa os coñeces porque viven cerca de ti.



Temos moitas árbores. Todas teñen nome e coidámolas moito.

Hai pinos, moreiras, feixoas, abetos...






No patio podes xogar con columpios e tobogáns coma estes.


O conserxe chámase Juan, veralo a miúdo.

Temos seis cociñeiros que fan comidas moi ricas como as da túa casa.

Chegarás á escola en autobús. ¡Que sorte!



No cole imos facer:



Xogar e xogar. Se
queres podes traer
algún xoguete da túa
casa.



Escoitar e ver contos.



Saltar e correr no
ximnasio e no parque.




Facer moitos amigos e
amigas.



Pintar con moitas
cores.




Prantar no
invernadoiro...



... e todo isto para aprender e

pasalo BEN!



Durante o verán:



Fai moitos debuxos de moitas cores.



Xoga moito coa túa familia e os teus amigos.



Explora e investiga moitas cousas. Podes empregar esta lupa.



Descubre tesoros coma este:

Ven pronto, que te estamos
agardando!

Os teus profes.

Nota: Estes debuxos fixéronnos para ti os compañeiros e compañeiras de 1º e 2º.



CUESTIONARIO de AVALIACIÓN INICIAL EDUCACIÓN INFANTIL

Estimados pais e nais:

A finalidade deste cuestionario é que queremos coñecer a fondo a cada un dos nosos alumnos para poder ofrecerlle unha ensinanza individualizada adaptada ó seu propio ritmo.

É conveniente que o fagades chegar ó colexio o antes posible e deste xeito as mestras dispoñeremos de información necesaria para recibilos adecuadamente desde o primeiro día. Tamén servirá para determinar que aspectos é preciso profundizar nas entrevistas individuais que manteremos con vós ao longo do 1º trimestre.

Equipo Docente de Educación Infantil
 Departamento de Orientación

CURSO: 20.../20...

NIVEL: 3 anos 4 anos 5 anos

Alumn@:

1.- DATOS PERSOAIS DO ALUMN@:

Lugar e data de nacemento.....

Enderezo:.....

Teléfonos: Nai: 981..... / móbil..... Pai: 981...../móbil.....

Teléfono de urxencia.....

2.- DATOS DO CONTORNO FAMILIAR

Nome e apelidos do pai:.....

Lugar e data de nacemento:.....

Profesión actual:.....

Estudios cursados: Primarios Medios Universitarios

Nome a apelidos da nai:

Lugar e data de nacemento:.....

Profesión actual:.....

Estudios cursados: Primarios Medios Universitarios

Nº de irmáns: Idades.....

Persoas que conviven na casa:

3.- SAÚDE E DATOS FÍSICOS:

O embarazo foi normal? Si Non Complicacións

O parto foi normal? Si Non Complicacións.....

Padece alguna enfermidade?.....

Ten algunha alerxia ou intolerancia?.....

Toma algún medicamento ou tratamento?.....

4.- DESENVOLVEMENTO PERSOAL E SOCIAL

• Alimentación

Cal e o tipo de alimentación habitual? Biberón Triturado Sólido

Cal é a súa actitude ante a comida? Agrado Disgusto Indiferencia

Como come? Só, sen axuda Con axuda

• Sono

Durme só Comparte habitación Cantas horas durme.....

Característica do sono: Tranquilo Intranquilo Pesadelos

Durme siesta? Si Non

Precisa da figura do adulto ou de un obxecto- afectivo para conciliar o sono?.....

Usa chupete? Si Non

• Control de Esfínteres

Cando deixou de usar cueiro? Día..... Noite.....

Cal é a actitude da familia cara ao control de esfínteres? Estricta Permisiva

É autónomo para ir ao aseo? Si Non

• Coidado e Hixiene

Participa no seu aseo? Lávase a cara Lávase as mans Peitéase
Participa á hora de vestirse? Vístese Espese

• Linguaxe

Cando comenzou a pronunciar as primeiras palabras?.....
Usa a palabra para pedir o que quere ou sinala ou fai xestos?.....

Éntendese o que dí? Si Pronuncia con dificultade En que palabras amosa dificultade?

Que lingua falades na casa? Galego Castelán Outras

• Aspectos motrices

A que idade iniciou a marcha?..... Houbo gateo.....Idade.....
Cando comezou a camiñar de maneira independente.....
Camiña con soltura? Si Amosa dificultades Cales?.....

Ten tendencia a caer? Si Non Sube e baixa escaleiras? Si Non

Amosa dificultades á hora de manipular, instrumentos ou obxectos pequenos, coas mans?

• Xogo

Como lle gusta xogar? Só Acompañado Con que xoga?.....

Cales son os seus xogos favoritos?.....

Onde xoga habitualmente?.....

• Socialización

Relaciónase con outros nen@s? Non Si Onde?.....

Con quen está máis tempo? Nai Pai Av@s Outros

Como manifesta o seu desagrado? Chora Queixase Ten rabietas

Sente celos? Non Si De quen?

5.- ESCOLARIZACIÓN

Asistíu a algún centro educativo ou escola infantil? Non Si

A partir de que idade? Cantas horas?.....

Cales son as expectativas con respecto a escolarización do vos@ fill@?.....

Consideran que o seu fill@ ten un desenvolvemento axeitado para a súa idade, ou lles preocupa algún aspecto que queiran reflexar?

Como é a seu fill@?(marquen cunha x aqueles rasgos que definan a personalidade do seu fill@)

Alegre	
Cariños@	
Colaborador	
Sociable	
Tímid@	
Extrovertid@	
Intelixente	
Celos@	
Dominante	
Tranquil@	

Inqued@	
Agresiv@	
Impulsiv@	
Presta atención	
Obediente	
Autónom@	
Caprichos@	
Dependente	
Independente	
Ansios@	

Culleredo a de do 20...

Caderno de pais e nais

CEIP TARRÍO
CULLEREDO

Educación Infantil



ASÍ
NOS ORGANIZAMOS

1. HORARIOS E CALENDARIO ESCOLAR:

O alumnado de E. Infantil ten o mesmo horario e calendario escolar que os maiores do colexio.

O calendario escolar é o oficial da Consellería de Educación e está exposto no taboleiro de anuncios do Colexio, aínda que cando hai vacacións ou festivos, o centro manda unha circular a todas as familias para informarnos.

O horario do centro é o seguinte:

de SETEMBRO a XUÑO	
Horario lectivo	9:30 – 13:20 15:20 – 16:30
Xantar e actividades	13:20 – 15:20
Saída transporte	16:30

Neste colexio dámoslle moita importancia á acollida dos novos alumnos, por iso recomendamos que o alumnado de E. Infantil comece as súas clases ao día seguinte do alumnado de E. Primaria. Ademais, para o alumnado de 3 anos levamos a cabo un *período de adaptación* de acordo coas familias.

O recreo terémolo nunha zona específica para nós e á mesma hora que o resto do colexio, de 12 a 12:30, aínda que como sabedes, en E. Infantil este tempo é flexible.

Ademais das titoras, os nosos nenos terán 'especialidades' de música, inglés, informática, psicomotricidade... Por este motivo, nos primeiros días de curso entregaremosvos un horario para que saibades o que teñen cada día, especialmente cando lles toca Educación Física para que traian a roupa e calzado axeitado.

Como ben comprenderedes, para unha correcta marcha escolar dos vosos fillos é necesario que asista regular e puntualmente á escola. Non debes deixarlos na casa se non é por enfermidade. É indispensable que o neno siga un horario de sono que non lle faga quedarse durmido polas mañás ou acudir á escola sen almorzar.



2. A INFORMACIÓN SOBRE A ESCOLA

Estamos convencidas de que a nosa escola funcionará mellor coa vosa colaboración e participación. Para isto é necesario que esteades informados sobre a súa marcha mediante:

- **Reunións xerais:** Son reunións de todos os pais e nais de infantil. Sempre hai unha a principio de curso para presentar ao profesorado e falar dos proxectos do curso. Convócanse outras para comentar a marcha do curso ou cando existe motivo para facelas.
- **As titorías:** son entrevistas persoais que podedes ter coa profesora do voso fillo, para coñecer a súa evolución na escola. Estas entrevistas poden ser solicitadas polo profesorado ou ben por vós, sempre que o desexedes. Para estas entrevistas hai un horario marcado no centro de atención aos pais e nais, que é todos os mércores de 16:30 a 17:30h, aínda que podemos realizalas noutra hora ou día diferentes, sempre que nos poñamos de acordo.



Se a entrevista é pedida por nós, recibiredes unha nota a través da axenda do neno. Se a pedides vós tamén deberedes usar a axenda, que revisamos todos os días.

- **Circulares - Cadernos de pais e nais:** Son documentos informativos do centro que mandamos ás familias. Convén que todos os días revisedes as mochilas por si hai algunha información. Antes do primeiro día do cada mes remitimos un caderno do comedor escolar onde vai o menú do mes para facilitarvos a compensación das comidas dos vosos fillos.

3. COMUNICACIÓN FAMILIA-ESCOLA

Tendo en conta que a práctica totalidade do noso alumnado é transportado, os medios que empregamos para comunicarnos diariamente son os seguintes:

- **Axenda:** Debe ir e vir diariamente na mochila. Nela escribiremos cando haxa algunha incidencia que necesitamos comunicar, tanto nós coma vós. Si tendes que mercala, facédeo a través da ANPA, xa que nos facilita o traballo se son todas iguais.
- **Teléfono** do centro, que vos pasan coas aulas: **981 67 76 57**

Este teléfono é para recados curtos e urxentes, xa que durante o horario de clase estamos a atender aos nosos alumnos e non podemos manter conversas telefónicas.

4. COMEDOR

O servizo de comedor funciona desde o primeiro día de clase. Este tempo está dividido en dúas partes (1h de comida e 1h de tempo de lecer/actividades).



Nese tempo están a cargo das nais colaboradoras nun lugar específico para eles. Cando hai incidencias a destacar, comunícase a través da axenda ou por teléfono.

Para facilitar a adaptación do alumnado de 3 anos recomendamos que durante o mes de setembro non se faga uso deste servizo. Deste xeito adaptaríase á aula durante todo o mes de setembro para empezar co horario habitual desde o primeiro día lectivo de outubro.

5. “CARNÉ DE IDENTIDADE”

O centro proporciona un carné a todos os alumnos de infantil que **deben traer e levar todos os días ao centro e desde o primeiro día**, especialmente no período de adaptación. Este carné, debidamente cuberto e con foto actualizada, serve para que o neno estea sempre identificado e impide que haxa erros no uso do transporte.

Este carné non pode ser modificado pola familia, só por persoal do centro.

6. TRANSPORTE ou “VOU A PÉ”

Antes da saída organizamos a todos os alumnos de acordo co seu carné de identidade, onde figura o número e parada de transporte ou se é peón.

Se por algún motivo o voso fillo non vai a usar o transporte para volver á casa debe avisar por escrito e poñerémolles un aviso no propio carné.


Se durante a xornada tedes que vir a recoller ao voso fillo por calquera motivo (para ir ao médico...) teredes que dirixirvos ao edificio de administración onde está o conserxe e será el o que recolla ao neno na clase e volo entregará.

No momento da matrícula, recibiredes un documento relacionado co transporte para que asinedes unha autorización de recollida na parada. As persoas que figuren nesa folla serán as únicas autorizadas para recollelos. É recomendable incluír outros pais da mesma parada por si xurde algún imprevisto.

7. CANDO NON PODEN VIR Á ESCOLA?

Hai condicións nas que deberedes deixar ao voso fillo na casa sen vir á escola:


- Sempre que teña febre ou decaemento xeral ou dor. Nestes casos o neno non se sentirá ben e o máis seguro é que teñamos que chamarnos por teléfono para que o veñades a buscar para levalo de volta á casa. Neste sentido, recordade que o Dalsy ou similares só disfrazan os síntomas un curto período de tempo...
- Se ten diarrea ou vómitos.
- Se ten unha enfermidade contaxiosa: varicela, papeiras, escarlatina...
- Se ten piollos. Poderá vir cando llos eliminades.



É moi importante que nos comuniquedes se ten que seguir algún tratamento, precaución ou medida especial, se ten algunha alerxia ou intolerancia...

8. COMO NOS VESTIMOS E CALZAMOS PARA VIR AO COLE?

Deben vir ao cole con roupa cómoda, que lles permita moverse con facilidade e acudir ao servizo por si só. Debedes evitar polo tanto o uso de pantalóns de peto ou que teñan botóns difíciles de desabotoar e abotoar. No caso das nenas, evitade vestidos que lle dificulten as actividades que facemos na escola.



No tempo frío non os abriguedes excesivamente con varias camisetas. No colexio temos calefacción aínda que deben traer un abrigo ou anorak para poñelo no tempo de recreo.

E imprescindible que toda a roupa veña identificada co nome do neno e **cunha cinta para colgala no percheiro.**

Tamén deben traer unha gorra para deixar na aula para empregar os días de sol.

Deberedes revisar o horario do voso fillo para saber cando ten Educación Física. Eses días debe traer chándal e calzado adecuado (preferiblemente con velcro).

9. MERENDAS DE MEDIA MAÑÁN

Tendo en conta a hora de comer (13:20h) non teremos merenda.

10. CUMPREANOS

Temos un calendario coas datas de cumpreanos de todos os nenos e na aula celebrámoslos a través de varias actividades..

Non lles mandedes paquetes de chuches, só caramelos brandos para repartir (por exemplo tipo sugus: 2 ou 3 para cada un). Trátase se de celebrar un cumpre, non de fomentar as diferencias entre os nenos e o consumismo.

Si celebrades o cumpreanos fóra do colexio deberedes saber que na aula non entregaremos invitacións. A profe é a profe de todos e non pode repartir a uns si e a outros non. Para que vós poidades invitar a quen desexedes podemos proporcionar un listado cos teléfonos dos compañeiros da clase sempre que asinedes unha autorización para facelo.


11. OS NOSOS MATERIAIS ESCOLARES

- Os materiais de traballo para todo o curso van nun caderno informativo.
- A mochila SEN RODAS. Nela levaremos diariamente a axenda do cole, que favorecerá a comunicación familia-escola.
- Un botellín de auga co nome. A botella de auga queda durante a semana na aula. Nós encargáronos de enchelas cando sexa preciso. Cada luns deberán traer unha botella nova coa identificación de cada neno/a.
- No cole temos moitos xoguetes, polo que agradeceríamos que non se trouxeran xoguetes a escola, se non son pedidos polas profes, así evitaremos moitos disgustos...
- Na reunión do mes de setembro, recibiredes instrucións sobre a limpeza de dentes e o material necesario para os usuarios do servizo de comedor.
- A muda: Iremos precisar mudas completas para poder utilizar en caso de necesidade, xa que os pequenos van estar moitas horas no centro incluíndo o período de comedor e nunca sabemos “de onde pode vir a molladura”... Estas mudas van ser comúns e estarán ubicadas nun espazo común ao que terán acceso todas as mestras e cuidadoras que estean cos vosos fillos. Para isto, pedímosvos que aportedes a roupa que non precisades que se devolva en fin de curso. Tende en conta que a que non lles serve ao voso fillo pode servirle a outro.

12. SAÍDAS E EXCURSIÓNS

As saídas escolares teñen moita importancia dentro do noso traballo educativo. Representan unha fonte de experiencias sobre o medio que rodea ao neno e unha ventá a lugares que non coñecía.

É moi importante que todos os nenos asistan a estas saídas porque sempre facemos actividades na aula tendo como base o visto e vivido nelas.




As saídas que teremos ao longo do curso comunicaranse a través dunha circular e nela irá unha autorización que deberedes asinar para que poidan asistir.



RECOMENDACIÓNS PARA O PRIMEIRO DÍA

- É conveniente que acompañedes ao voso fillo ou filla á escola.
 - Procurade vir tranquilos e preparade ao neno con calma. Ese día non se debe andar con apuros ou carreiras. Pensade que se vós non estades tranquilos será difícil que o estea o voso fillo.
 - Se o voso fillo quere traer algo da casa, deixádello traer. Algún moneco ou xoguete que o faga sentirse máis seguro.
- Deberedes acompañalo hasta o hall de infantil, onde serán recibidos polas súas mestras.
- É importante que non o enganedes: Despedídevos del tranquilos (non intentedes escapar cando non vos vexa) e non lle mintades. Tede en conta que para eles chorar non é o peor senón a angustia de non saber o que vai pasar.
- No caso de que esperedes polo recinto do colexio, non é conveniente que miredes pola ventá, xa que eles estarán ocupados xogando cos seus compañeiros e deben familiarizarse coa súa mestra.





REUNIÓN PRINCIPIO DE CURSO

O día 5 de setembro (xoves) terá lugar unha REUNIÓN XERAL con todos os **pais e nais** dos nenos de Educación Infantil de **3 anos ou nova incorporación** coa finalidade de coñecer ás profesoras dos vosos fillos e os proxectos cos que funcionaremos ao longo do curso.

Nesa reunión tamén planificaremos o horario de adaptación de cada neno e dirásevos un día e unha hora para acudir a unha ENTREVISTA PERSOAL.

DÍA: xoves, 5 de setembro

HORA: 11.30 horas

LUGAR: Dependencias do centro

A esta reunión non deben acudir os nenos.





Cuestionario familiar sobre o desenvolvemento infantil para o alumnado de novo ingreso

Estimados pais e nais:

O Departamento de Orientación do colexio ten entre as súas funcións a identificación temperá de dificultades do alumnado. Para iso, cada curso facemos unha recollida de datos sobre os nenos e nenas que comezan a súa escolaridade, empregando para o mesmo diferentes fontes de información, destinada a realizar unha avaliación inicial e á prevención das dificultades escolares do alumnado.

Este cuestionario, está destinado á detección temperá de dificultades do alumnado que comezará no noso colexio o vindeiro mes de setembro o segundo Ciclo da Educación Infantil (3 anos), polo que vos pedimos que o respondades e devolvades dentro do sobre que vos facilitamos.

A finalidade do mesmo é facer un cribado de signos que poidan resultar de interese sobre a aparición de dificultades escolares. Naqueles casos nos que se chegasen a apreciar contactaremos cos vós para darvos unha información detallada.

Así mesmo, se o voso fillo ou filla está a asistir a unha Escola Infantil, seríanos de moita utilidade que nos facilitades unha copia do Informe que vos dean na mesma sobre a súa marcha escolar.

Por último, se tedes calquera dúbida ou pregunta ao respecto, non dubidedes en contactar coa orientadora.

Agradecendo de antemán a vosa colaboración, recibide un cordial saúdo

A xefa do Departamento de Orientación

Asdo.: Ana Liñares



Nome do/a alumno/a

Neno Nena Data de nacemento.....

¿Asiste á Escola Infantil? Non Si → ¿A cal?

Persoa que responde: Pai, Nai, Ambos, Outra:.....

Data na que se responde o cuestionario:

Pesou ao nacer menos de 2.500 grs.? <i>¿Pesó al nacer menos de 2.500 grs.?</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	Naceu con menos de 37 semanas de idade xestacional? <i>¿Nació con menos de 37 semanas de edad gestacional?</i>	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
Na cartilla sanitaria do seu fillo ou filla figuran os datos dunha proba que se leva a cabo no momento de nacer (Test APGAR). Por favor, indique os números que aparecen no mesmo <i>En la cartilla sanitaria de su hijo figuran los datos de una prueba que se lleva a cabo en el momento de nacer (Test APGAR). Por favor, indique los números que aparecen en el mismo</i>		APGAR 1':	
		APGAR 5':	

Se o seu fillo/a tivo algunha enfermidade ou problema de saúde relevante, por favor descríbaloo:

Si su hijo/a ha tenido alguna enfermedad o problema de salud relevante, por favor descríbaloo:


--

Por favor, valore a continuación ao seu fillo/a nos seguintes aspectos:

	É semellante ao de outros nenos e nenas da súa idade <i>Es similar al de otros niños y niñas de su edad</i>	É algo menor que o de outros nenos e nenas da súa idade <i>Es algo menor que el de otros niños y niñas de su edad</i>	Creo que ten problemas neste aspecto <i>Creo que tiene problemas en este aspecto</i>
Desenvolvemento da linguaxe (capacidade para entender e facerse entender, vocabulario,...) <i>Desarrollo del lenguaje (capacidad para entender y hacerse entender, vocabulario,...)</i>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Desenvolvemento psicomotor (habilidade física, coordinación, axilidade) <i>Desarrollo psicomotor (habilidad física, coordinación, agilidad)</i>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Autonomía persoal (desenvolvemento de habilidades como des/vestir, comer so,...) <i>(desarrollo de habilidades como des/vestirse, comer solo/a,...)</i>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Xogo e relación con outros nenos e nenas <i>Juego y relación con otros niños y niñas</i>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

<p>A continuación, vai encontrar unha serie de afirmacións sobre habilidades e dificultades que son habituais nos nenos e nenas. Lea, por favor, cada unha delas detidamente e indique despois ata que punto describe ao seu fillo ou filla. Indique a súa resposta rodeando cun círculo un dos números (do 1 a 5) que aparecen a continuación de cada afirmación.</p> <p><i>A continuación, va a encontrar una serie de afirmaciones sobre habilidades y dificultades que son habituales en los niños y niñas. Lea, por favor, cada una de ellas detenidamente e indique luego hasta qué punto describe al niño. Indique su respuesta rodeando con un círculo uno de los números (de 1 a 5) que aparecen a continuación de cada afirmación.</i></p>	Non é así en absoluto	Xeralmente non é así	Algunhas veces é así	Con frecuencia é así	Xustamente é así
	←—————→				
1. Ten en conta os sentimentos das outras persoas <i>Tiene en cuenta los sentimientos de otras personas</i>	1	2	3	4	5
2. Inquedo/a, demasiado activo/a, non pode estar parado/a moito tempo <i>Inquieto/a, demasiado activo/a, no puede estar parado/a mucho tiempo</i>	1	2	3	4	5
3. Quéixase, a miúdo, de dor de cabeza, estómago ou náuseas <i>Se queja, con frecuencia, de dolor de cabeza, estómago o náuseas</i>	1	2	3	4	5
4. Comparte facilmente cos outros nenos (regalos, xoguetes, lapis,...) <i>Comparte fácilmente con otros niños (regalos, juguetes, lápices,...)</i>	1	2	3	4	5
5. A miúdo colle berrinches ou enfados <i>Frecuentemente tiene rabietas o mal genio</i>	1	2	3	4	5
6. É máis ben solitario/a, prefire xogar so/a <i>Es más bien solitario/a y tiende a jugar solo/a</i>	1	2	3	4	5
7. Polo xeral é obediente, soe facer o que lle piden os maiores <i>En general es obediente, suele hacer lo que le piden los adultos</i>	1	2	3	4	5
8. Ten moitas preocupacións, a miúdo parece inquedo/a ou preocupado/a <i>Tiene muchas preocupaciones, a menudo parece inquieto/a o preocupado/a</i>	1	2	3	4	5
9. Ofrece axuda ou consolo cando alguén resulta ferido, disgustado ou enfermo <i>Ofrece ayuda o consuelo cuando alguien resulta herido, disgustado, o enfermo</i>	1	2	3	4	5
10. Está continuamente movéndose e rebulindo <i>Está continuamente moviéndose y es revoltoso/a</i>	1	2	3	4	5
11. Ten, polo menos, un bo amigo ou amiga <i>Tiene, por lo menos, un buen amigo o amiga</i>	1	2	3	4	5
12. A miúdo pelexa con outros nenos/as; ou métese con eles <i>A menudo se pelea con otros niños/as; o se mete con ellos</i>	1	2	3	4	5
13. A miúdo séntese infeliz, desanimado ou choroso <i>Se siente a menudo infeliz, desanimado o lloroso</i>	1	2	3	4	5
14. Polo xeral cae ben aos outros nenos e nenas <i>Por lo general cae bien a los otros niños y niñas</i>	1	2	3	4	5
15. Distráese facilmente e perde a concentración <i>Se distrae fácilmente y pierde la concentración</i>	1	2	3	4	5
16. É nervioso/a ou dubitativo en situacións novas, perde facilmente a confianza en si mesmo/a <i>Es nervioso/a o dubitativo ante situaciones nuevas, pierde fácilmente la confianza en sí mismo/a</i>	1	2	3	4	5
17. Trata ben aos nenos e nenas máis pequenos/as <i>Trata bien a los niños y niñas más pequeños/as</i>	1	2	3	4	5
18. A miúdo amosa unha actitude negativa cos adultos <i>Muestra a menudo una actitud negativa con los adultos</i>	1	2	3	4	5
19. Os demais nenos métese con el/ella ou fanlle burla <i>Los otros niños se meten con él/ella o le hacen burla</i>	1	2	3	4	5
20. É colaborador/a, ofrécese para axudar (a pais, mestres, outros nenos) <i>Es colaborador/a, se ofrece para ayudar (a padres, maestros, otros niños)</i>	1	2	3	4	5

Non é así en absoluto
Xeralmente non é así
Algunhas veces é así
Con frecuencia é así
Xustamente é así




21. Pensa as cousas antes de facelas <i>Piensa las cosas antes de hacerlas</i>	1	2	3	4	5
22. A miúdo amosa rencor cando se enfada <i>A menudo muestra rencor cuando se enfada</i>	1	2	3	4	5
23. Lévese mellor cos adultos que cos nenos <i>Se lleva mejor con los adultos que con otros niños</i>	1	2	3	4	5
24. Ten moitos medos, asústase facilmente <i>Tiene muchos miedos, se asusta fácilmente</i>	1	2	3	4	5
25. Termina o que empeza, ten boa concentración <i>Termina lo que empieza, tiene buena concentración</i>	1	2	3	4	5
26. Ten dificultade para lembrar as instrucións (enseguida esquece o que tiña que facer) <i>Tiene dificultades para recordar las instrucciones (enseguida se olvida de lo que tiene que hacer)</i>	1	2	3	4	5
27. Cando está entretido/a con algo mantense concentrado sen “perder o fio” aínda que haxa algo que o interrompa <i>Cuando está entretenido/a con algo se mantiene concentrado/a sin “perder el hilo” aunque haya algo que lo interrumpa</i>	1	2	3	4	5
28. Ten dificultade para rematar tarefas que non lle apetece facer a non ser que lle prometan algo a cambio <i>Tiene dificultad para terminar tareas que no le apetece hacer a no ser que le prometan algo a cambio</i>	1	2	3	4	5
29. Ten dificultades para parar falar en voz baixa cando se lle pide que o faga <i>Tiene dificultades para hablar en voz baja cuando se le pide que lo haga</i>	1	2	3	4	5
30. Cando ten que facer algo, distráese a miúdo con outra cousa que lle atrae máis <i>Cuando tiene que hacer algo, se distrae a menudo con otra cosa que le atrae más.</i>	1	2	3	4	5
31. Ponse <u>moi</u> excitado/a cando algo especial vai suceder (p.ex. unha excursión, unha actividade especial,...) <i>Se puede <u>mu</u>y excitado/a cuando algo especial va a suceder (p.ej. una excursión, una actividad especial,...)</i>	1	2	3	4	5
32. Cando se lle pide que faga varias cousas, so lembra a primeira ou a última <i>Cuando se le pide que haga varias cosas, sólo recuerda la primera o la última</i>	1	2	3	4	5
33. Mantense facendo o que se lle di que faga aínda que lle resulte aburrido <i>Se mantiene haciendo lo que se le ha pedido que haga aunque le resulte aburrido</i>	1	2	3	4	5
34. Resúltalle difícil parar cando se lle pide que pare de facer algo <i>Le resulta difícil parar cuando se le pide que pare de hacer algo</i>	1	2	3	4	5
35. Para poder concentrarse en algo, a tarefa ten que resultarlle atractiva <i>Para poder concentrarse en algo, la tarea tiene que resultarle atractiva</i>	1	2	3	4	5
36. Cando lle encargamos algo, faino sen esquecer o que tiña que facer <i>Cuando le encargamos algo, lo hace sin olvidarse de qué tenía que hacer</i>	1	2	3	4	5
37. Cando está con outros nenos e nenas actúa de maneira máis “aloucada” que os demais (p. ex. nunha actividade en grupo, no parque,...) <i>Cuando está con otros niños y niñas actúa de forma más “alocada” que los demás (p. ej. en una actividad en grupo, en el parque,...)</i>	1	2	3	4	5

Caderno de pais e nais

**CEIP TARRÍO
CULLEREDO**

Educación Infantil



**BIBLIOTECA
de
AULA**

BIBLIOTECA DE AULA en Educación Infantil

Benqueridas familias:

Como ben sabedes, ler é un dos maiores praceres que ten a vida. Cando te sumerxes nunha boa historia, todo desaparece o teu redor, vives nas mentes e corpos de outros, trasládaste no espazo e no tempo, sufres, gozas, palpitas...

Para facer partícipes aos vosos fillos, os nosos nenos, da maxia da lectura, temos que contaxialos do desexo de ler e así tratamos de facelo día a día: contándolles contos, animándoos cando se achegan aos libros, creando un ambiente favorecedor, preparando actividades divertidas, visitando a Biblioteca do centro, prestando as mochilas viaxeiras, o bibliotiquín para os enfermos...

Os bos libros sirven, e así os empregamos, para potenciar a linguaxe oral e escrita, para fomentar a participación e o diálogo do grupo, para axudar a resolver conflitos e dificultades na aula, para fomentar o coidado e o respecto polos libros, desenvolver o gusto estético, para aprender a utilizar criterios propios para valorar unha obra...

Pero o próximo curso queremos dar un paso máis: CREAR UNHA BIBLIOTECA DE AULA.

A biblioteca de aula que queremos formar coa vosa axuda estará ao servizo de todos e cada un dos nenos e nenas da clase e ten un obxectivo por enriba de todos: disfrutar coa lectura.

Isto non se pode facer con calquera libro. Non só son bos aqueles libros que nos ensinan cousas da escola, senón aqueles cos que pasamos un bo rato, nos fan rir, nos fan chorar, dannos medo ou sorpresa.

Necesitamos na nosa clase eses libros, que, cando os les fanche cóxegas na barriga e que cando os pechas déixante con ganas de máis. Eses libros hai que elexilos coidadosamente, teñen que ser adecuados á nosa idade, libros de todo tipo e formato con textos axeitados, unas boas ilustracións, e historias que nos cheguen ao corazón.

Nós, como mestras, elaboramos cuidadosamente unha relación deses libros. Coa vosa axuda iremos conformando esa nosa biblioteca, que logo, comezaremos a compartir con vós mediante o sistema de préstamo.

Cando teñamos a nosa biblioteca de aula comezaredes a levar a casa, en préstamo, “un conto para dormir”, para ler xuntos e compartir co voso filliño fantásticos momentos de aventuras e agarimo.

Por todo isto, pedímosvos que aportedes un libro da relación que acompaña esta carta para construír entre todos a nosa propia biblioteca de aula.

Agradecendo a vosa inestimable e habitual colaboración, recibide un cariñoso saúdo.

O Equipo de Infantil

Biblioteca de aula

- * **LA GRAN OLA.** VERONIQUE MASSEROT. OCÉANO.
- * **DELICIOSA.** HELEN COOPER. OCÉANO.
- * **NO.** CLAUDIA RUEDA. OCÉANO.
- * **UN LOBO ASÍ DE GRANDE.** NATALIE LOIS LUCAS. OCÉANO.
- * **ERNESTINA LA GALLINA.** YOLANDA REYES. OCÉANO.
- * **BOLSITAS RARAS.** ROSA TIZIANA BRUNO. ALJIBE.
- * **TODOS MENOS UNO.** ERIC BATTUT. LIBROS DEL ZORRO ROJO
- * **CUANDO LAS CASAS REGRESARON FLOTANDO.** EINAR TURKOWSKY. LIBROS DEL ZORRO ROJO
- * **LA REINA DE LAS RANAS NO PUEDE MOJARSE LOS PIES.** DAVIDE CALI. LIBROS DEL ZORRO ROJO
- * **LOS CONQUISTADORES.** DAVID MCKEE
- * **UNA CASA PARA EL CANGREJO ERMITAÑO.** ERIC CARLE. KOKINOS
- * **A TODOS LOS MONSTRUOS LES DA MIEDO LA OSCURIDAD.** MICHAEL ESCOFFIER. KOKINOS
- * **VOY A COMEDTE.** MICHAEL ESCOFFIER. KOKINOS
- * **LA VOCECITA.** MICHAEL ESCOFFIER. KOKINOS
- * **POMELO ES ELEFANTÁSTICO.** RAMONA BADESCU. KOKINOS
- * **POMELO VIAJA.** RAMONA BADESCU. KOKINOS
- * **POMELO CRECE.** RAMONA BADESCU. KOKINOS
- * **LOS COLORES DE POMELO.** RAMONA BADESCU. KOKINOS
- * **POMELO Y LOS CONTRARIOS.** RAMONA BADESCU. KOKINOS
- * **POMELO ES FELIZ.** RAMONA BADESCU. KOKINOS
- * **DE VERDAD QUE NO PODÍA.** GABRIELA KESELMAN. KÓKINOS
- * **TEÑO MEDO.** TIM BOWLY. OQO.
- * **MAGO ROSA.** TXABI ARNAL. OQO.
- * **EL CAMINO MÁS LARGO.** NICOLÁS ARISPE. FONDO CULTURA ECONOMICA.
- * **TENER UN PATITO ES ÚTIL.** ISOL. FONDO DE CULTURA ECONÓMICA.
- * **IMOS BUSCAR UN TESOURO.** JANOSCH. KALANDRAKA.
- * **LA GALLINITA ROJA.** KALANDRAKA.

Biblioteca de aula

- * **GATIÑO E A NEVE.** JOEL FANZ ROSELL. KALANDRAKA.
- * **MOUSSE DE MANZANA PARA LAS PENAS DE AMOR.** JANOSCH. KALANDRAKA.
- * **DE COMO TIGRE APRENDIÓ A CONTAR.** JANOSCH. KALANDRAKA.
- * **BESOS.** TXABI ARNAL. PINTAR PINTAR.
- * **COLORES Y MÁS COLORES.** M^a ROSA SERDIO. PINTAR PINTAR.
- * **DEVA Y EL POLLITO.** ESTHER GARCÍA. PINTAR PINTAR.
- * **DANIELA.** ANA TORTOSA. PINTAR PINTAR.
- * **POEMAS DE CAMELO.** MARISA LÓPEZ DIZ. PINTAR PINTAR.
- * **MENÚ DE VERSOS.** ESTHER GARCÍA. PINTAR PINTAR.
- * **ARROZ, AGUA Y MAÍZ.** BERTA PIÑÁN. PINTAR PINTAR.
- * **POR QUÉ LLORA LA PRINCESA.** JESÚS AZNAR. EOLAS EDICIONES.
- * **DELANTE DE MI CASA.** MARIANNE DUBUC. JUVENTUD
- * **EL PEQUEÑO AGUJERO.** ISABEL PIN. LOGUEZ
- * **LA OVEJITA QUE VINO A CENAR.** STEVE SMALLMAN. BEASCOA
- * **WANGARI Y LOS ÁRBOLES DE LA PAZ.** JEANETTE WINTER. EKARE
- * **LA MÁSCARA DEL LEÓN.** MARGARITA DEL MAZO Y PALOMA VALDIVIA. OQO.
- * **EL JARDÍN DEL ABUELO.** LANE SMITH. OCÉANO
- * **CAMUÑAS.** MARGARITA DEL MAZO Y CHARLOTTE PARDI. OQO
- * **SI YO FUERA UN GATO.** PALOMA SÁNCHEZ IBARZÁBAL Y ANNA LLENAS. OQO
- * **CUANTO PARA CONTAR MIENTRAS SE COME UN HUEVO FRITO.** PEP BRUNO.
KALANDRAKA
- * **VEGETAL COMO SIENTES.** FREYMAN, S. EDITORIAL ETUSCANIA
- * **SOL Y LLUVIA.** ALISON JAY. EDELVIVES.
- * **HAROLD Y EL LÁPIZ MORADO.** CROCKETT JOHNSON. JAGUAR.
- * **CONEJO Y SOMBRERO.** VERÓNICA ÁLVAREZ. EKARÉ.
- * **PACO PAPÁN.** PATACRÚA. OQO.
- * **COCO Y PÍO.** ALEXIS DEACON. EKARÉ.



ANEXO

CUESTIONARIO PARA AS FAMILIAS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Don/Dona como pai, nai ou titor ou titora legal do alumno/a, responde a seguinte cuestión:

Cal é a lingua materna do seu fillo ou filla?

Galego Castelán

Asinado: _____

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral desta consellería como responsable do ficheiro.

CUESTIONARIO PARA LAS FAMILIAS DEL ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Don/Doña como padre, madre o tutor o titora legal del alumno/a, matriculado/a en el curso de educación infantil, responde a la siguiente cuestión:

¿Cuál es la lengua materna de su hijo o hija?

Gallego Castellano

Firmado: _____

En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 5 de la Ley orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter personal, le informo de que los datos personales recogidos en esta solicitud, se incorporarán a un fichero, para su tratamiento, con la finalidad de la gestión de este procedimiento. Usted puede ejercer los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición previstos en la ley, mediante un escrito dirigido a la Secretaría Xeral de esta consellería como responsable del fichero.



REUNIÓN FAMILIAS NOVA INCORPORACIÓN CURSO 13/14

MÉRCORES	19 de XUÑO	17h
----------	------------	-----

- Entrega sobres matrícula
- Información Xeral

Convocar por mensario:

MÉRCORES, 19 de xuño, ás 17 h, reunión das novas familias no colexio para entrega de sobres de matrícula e información xeral.



REUNIÓNS PRINCIPIO DE CURSO

13/14

ALUMNADO INFANTIL NOVA INCORPORACIÓN

XOVES	5 de setembro	11.30h
-------	---------------	--------

ALUMNADO INFANTIL DO CENTRO:

VENRES	6 de setembro	11.30h
--------	---------------	--------

A estas reunións non deben acudir os nenos.

ALUMNADO PRIMARIA NOVA INCORPORACIÓN

MÉRCORES	11 de setembro	10:30h
Ao remate do acto de benvida do alumnado de E.Primaria		

Tarrío, 7 de xuño de 2013

ANEXO II

FOLLA DE SEGUIMIENTO DO
PERÍODO DE ADAPTACIÓN



D/D^a nai/pai/titor/a do
 alumno/a de E. Infantil de 3
 anos.

SEGUIMENTO DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN:

SEMANA DO AO DE SETEMBRO

<input type="checkbox"/> Cumprirei o turno de adaptación que marquei no centro
<input type="checkbox"/> Resúltame imposible o cumprimento do período de adaptación e
<input type="checkbox"/> Acudirá de 9.30 a 13.20h
<input type="checkbox"/> Acudirá de 9.30 a 16.30h

DESDE O DE SETEMBRO

<input type="checkbox"/> Non acudirá ao colexio polas tardes hasta o 1 de outubro e, polo tanto, recollerao ás 13.20h. A partir dese día fará uso dos servizos complementarios que lle corresponden.
--

En caso contrario:

<input type="checkbox"/> Comenzará a facer uso do comedor a partir do día
<input type="checkbox"/> Comenzará a usar o autobús á entrada (9.30h) desde o día.....
<input type="checkbox"/> Comenzará a usar o autobús á saída (16.30h) desde o día.....

Tarrío, de setembro de 201
 ASINADO

DIRECTORA DO CEIP TARRÍO-CULLEREDO

ANEXO III

AVALIACIÓN PERÍODO DE
ADAPTACIÓN

CUESTIONARIOS DE SEGUIMIENTO DO PERIODO DE ADAPTACIÓN PARA NAIS E PAIS

Nome do Alumn@: Idade:.....


Cuestionario contestado por: Nai Pai Nai e Pai Outr@s

Nome Titor@:

Curso Escolar 20...../20....

SEMANA VALORACIÓN			1º SEMANA			2º SEMANA			3º SEMANA		
			SI	NON	AV	SI	NON	AV	SI	NON	AV
ACTITUDE DO NENO	ANTE A IDEA DE IR A ESCOLA	CONTENT@									
		TRANQUIL@									
		ANSIOS@									
		DISGUSTAD@									
	OS PRIMEIROS DÍAS DE ESCOLA	CHORA NA CASA									
		RECHAZA A ESCOLA									
		É DÍFICIL O MOMENTO DA SEPARACIÓN									
		INDIFERENTE									
		COMUNICATIV@									
		NERVIOS@									
		ALTERACIÓNS DO RITMO DO SONO									
		RETROCESO NO CONTROL DE ESFINTERES									
		IRASCIBLE									
		REGRESOU A CONDUCTAS XA ABANDONADAS									
	ANTE A IDEA DO COMEDOR	AMOS AGRADO									
		AMOS DISGUSTO									
		É CAPRICHOS@ COAS COMIDAS									
		AMOSASE ANGUSTIAD@ OU PREOCUPAD@									
		AMOSASE CONTENT@									
	ANTE O TRANSPORTE	AMOS AGRADO									
AMOS DISGUSTO											
AMOSASE INTRANQUILO NO MOMENTO DE SEPARARSE											
AMOSASE ANGUSTIADO OU PREOCUPADO											

OBSERVACIÓNS:



CUESTIONARIOS DE SEGUIMIENTO DO PERIODO DE ADAPTACIÓN

Nome do Alumn@: **Idade:** **Data:**.....

Nome Titor@: **Curso Escolar 20...../20....**

SEMANA VALORACIÓN		1º SEMANA			2º SEMANA			3º SEMANA		
		SI	NON	AV	SI	NON	AV	SI	NON	AV
ACTITUDE DO NENO	CONTENT@									
	RELAXAD@									
	TRANQUIL@									
	ANSIOS@									
	PASIVO@									
	TIMID@									
ACTITUDE CO MESTR@	DISGUSTAD@									
	DEPENDENTE									
	RECHAZO									
	ABERT@									
	INDIFERENTE									
	BUSCA CHAMAR Á ATENCIÓN COMUNICATIV@									
ACTITUDE COS COMPAÑEIR@S	SOCIABLE									
	ESTÁ SÓ									
	É DOMINANTE									
	DEIXASE DOMINAR									
	IRASCIBLE									
	PARTICIPA DO GRUPO									
ACTITUDE ANTE AS ACTIVIDADES PROGRAMADAS	MOSTRA INTERESE									
	DESIXASE AXUDAR									
	RESPETA E VALORA AS PRODUCCIÓN									
	COLABORA NA RECOLLIDA DO MATERIAL									
HÁBITOS E AUTONOMÍA	CONTROLA ESFÍNTERES									
	COME SÓ									
	É AUTONOM@ NOS SEUS MOVEMENTOS									
ACTITUDE NO COMEDOR	ACUDE AO COMEDOR CON AGRADO									
	É CAPRICHOS@ COAS COMIDAS									
	É AUTÓNOM@									

OBSERVACIÓNS:

.....

.....



ANEXO IV

FICHA CONTROL. AVALIACIÓN
INICIAL 3 ANOS



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
FICHA DE CONTROL SOBRE AVALIACIÓN INICIAL DE NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS
EDUCACIÓN INFANTIL - 3 ANOS

NOME DO/A ALUMNO/A:	
DATA DE NACEMENTO:	CURSO:
PROFESOR/A TITOR/A:	ESCOLA:

Coñécese a existencia de problemas no embarazo ou parto (anoxia, reanimación...)	Si	Non
Coñécese a existencia de algún diagnóstico médico relacionado coas necesidades educativas e especiais ou as dificultades de aprendizaxe	Si	Non
Coñécese a existencia dunha situación socio-familiar do alumno que poida ter incidencia negativa no seu desenvolvemento e aprendizaxe	Si	Non
O/a alumno/a procede dun contorno socio-cultural diferente que orixina que teña problemas de adaptación (lingua materna diferente, ...)	Si	Non
O/a alumno/a estivo escolarizado/a no 1º Ciclo de Educación Infantil	Si	Non
Escolaridade previa		
Centro:	Idade na que comezou:	
¿Existe Informe sobre a escolaridade previa?	Si	Non

CARACTERÍSTICAS XERAIS E AXUSTE DENTRO DO GRUPO AULA

Gústalle estar e xogar cos compañeiros e compañeiras do grupo	Si	Pouco	Non
Gústalle xogar con bonecas, cociñas, coches... (xogo simbólico)	Si	Pouco	Non
Avisa de que ten ganas de facer pis, aínda que ás veces se lle escape	Si	Pouco	Non
Coñece o nome das partes do seu corpo	De maneira semelleante ós seus compañeiros	Menos que os seus compañeiros	Moi pouco ou nada
A súa capacidade para manter a atención durante unha tarefa é semellante á dos seus compañeiros e compañeiras			
Ten problemas para manter a atención e pasa de unha tarefa a outra constantemente			
A súa conducta caracterízase por exceso de mobilidade, moi superior á dos seus compañeiros (levántase constantemente, vai dun lugar a outro...)			

MOTRICIDADE XERAL

Nivel de desenvolvemento que amosa o/a alumno/a en tarefas como correr, saltar, arrolar, subir e baixar escaleiras...	1. Ten un desenvolvemento psicomotor semellante ó dos seus compañeiros e compañeiras:	
	2. Manifesta torpeza e/ou inhibición motriz aínda que dentro dun rango que se pode considerar normal	
	3. Ten dificultades motrices importantes	

MOTRICIDADE FINA

Nivel de desenvolvemento que amosa o/a alumno/a en tarefas como pintar cun lapis, picar, agarrar, inserir, pasar as follas dun libro..	1. Ten un desenvolvemento semellante ó dos seus compañeiros e compañeiras:	
	2. Manifesta torpeza motriz aínda que dentro dun rango que se pode considerar normal	
	3. Ten dificultades importantes na motricidade fina	

LINGUAXE ORAL

Comprensión de mensaxes, instrucións, explicacións e ordes sinxelas no contexto da aula.	1. Ten un desenvolvemento semellante ó dos seus compañeiros e compañeiras	
	2. Manifesta dificultades maiores que seus compañeiros en situacións colectivas xa que lle custa centrar a súa atención no que se di	
	3. Ten dificultades de comprensión mesmo en situacións comunicativas individuais	
	4. Ten moi pouco desenvolvida a súa capacidade de comprensión	

Capacidade de expresión verbal	1. É que de expresar o que lle pasa ou o que quere de maneira semellante ó dos seus compañeiros e compañeiras	
	2. Só é que de expresar situación moi concretas de maneira restrinxida	
	3. Só é que de utilizar palabras ailladas ou frases de dous elementos	
	4. Presenta abundantes dislalias de maneira máis acusada que o resto do grupo	
	5. Ten unha fala moitas veces inintelixible	
	6. Presenta unha maneira de falar 'extraña', pouco comunicativa e utilízaa de xeito repetitivo	
	7. Non fala	

PENSAMENTO LÓXICO-MATEMÁTICO

Coñece conceptos básicos como grande/pequeno, cerca/lonxe, ...	1. Ten un desenvolvemento semellante ó dos seus compañeiros e compañeiras	
	2. Só manexa os conceptos máis sinxelos	
	3. Ten dificultades importantes no uso e comprensión de conceptos básicos	

Coñece as cores	1. Ten un desenvolvemento semellante ó dos seus compañeiros e compañeiras	
	2. Só coñece:	
	3. Non discrimina a existencia de cores	

É quen de realizar operacións con obxectos: agrupalos segundo a súa cor, forma ou tamaño.	1. Ten un desenvolvemento semellante ó dos seus compañeiros e compañeiras	
	2. Só é que de realizar algunhas manipulacións moi sinxelas	
	3. Non é que de realizar estas tarefas	

OBSERVACIÓNS:

ANEXO V

PROGRAMACIÓN PERÍODO DE
ADAPTACIÓN 3 ANOS

PERÍODO DE ADAPTACIÓN

O período de adaptación é o proceso mediante o cal o neno elabora, dende o punto de vista emocional, a perda ou ganancia do que supón a separación dun ambiente coñecido e a súa asistencia á escola. Este proceso, que implica tempo, cada neno o realiza ao seu propio ritmo e condicionadas por distintas variables.

Aínda que non se pode prever todas as variables que van a estar presente, e que non se coñece aos nenos, nena aos seus país, si se pode plantexar certos principios de procedemento que van dirixindo a actuación a medida que se van producindo os acontecementos. A implicación das familias en todo o proceso será fundamental.

Para facer esta planificación teremos en conta as tarefas que acometen os nenos en este proceso que contemplan:

- Adaptación a novos espazos e materias.
- Adaptación a outras persoas adultas.
- Adaptación a outras nenas e outros nenos.
- Adaptación aos tempos e ó novo horario.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PERIODO DE ADAPTACIÓN

- Facilitar o tránsito dun espazo familiar ou dunha organización escolar cunhas relación coñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relación.
- Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedade creados polo cambio de situación, centrándonos no axuste a un medio físico, a unha organización temporal diferente e a un mundo relacional distinto.
- Xerar relación vinculares entre nenas e nenos, as súas familias e o profesorado, baseadas na confianza e na profesionalidade.
- Favorecer a sensación de seguridade na nova situación escolar.
- Compartir información relevante coas familias, o profesorado e o alumnado (preferencias, desenvolvemento, autonomía...) para mellorar o coñecemento mutuo.

ASPECTOS METODOLÓXICOS A TER EN CONTA

Para conseguir estes obxectivos recollemos o que e pode e debe facer para que a preparación da incorporación sexa eficaz, axeitada e favoreza a adaptación e a integración do neno e da nena...

- En canto á incorporación.

- Será específica. Faise un día despois ao resto do alumnado do centro.
- Será progresiva. Farase un horario mais curto neste periodo para evitar xornadas excesivamente longas e ampliarase o tempo de permanencia de xeito flexible e gradual. Nesta liña, a primeira semana permanecerán no centro hora e media, a partires de aquí e ata outubro, recomendarase á familia que non fagan uso dos servizos do centro de comedor e transporte.
- Será paulatina. Farase en dous grupos para que a mestra ou mestre poida dedicarlle tempos máis personalizados a pequenos grupos de alumnas e alumnos nos momentos iniciais da acollida.

- En canto aos espazos da aula.

- A aula, dende os primeiros días está distribuída por recantos de actividade, espazos que evocan o fogar coas súas diferentes dependencias. Estes espazos terán as seguinte características:
 - Estarán claramente delimitados
 - Responderán á diversidade de necesidades e desexos do alumnado nun mesmo tempo.
 - Mostrarán múltiples materiais e actividades suxerentes que se adaptarán ás características, desexos e necesidades da heteroxeneidade do alumnado.
 - Os materiais serán accesibles.
 - Será conveniente contar cun espazo onde se puidesen expoñer as fotos das criaturas, e das súas familias (ver actividades). O impacto que no neno ou na nena pode causar o momento da súa incorporación á escola pode suavizarse canto maior sexa o número de situacións concretas que testemuñan a existencia dun lazo de unión entre a casa e a escola.

- **En canto aos recursos materiais:**

- Con respecto aos materiais, intencionadamente escasos e coidadosamente seleccionados, o alumnado irá pouco a pouco coñecéndoo, utilizándoo adecuadamente, compartíndoos, recolléndoo despois de usalos, situándoo no lugar establecido por todas e todos.
- Durante os días sucesivos irán ofrecéndose outros materiais e xogos e retirándose aqueles que xa non espertan interese.
- Nestes días designarase un lugar para as cousas de cadaquén, para etiquetalas se cómpre, potenciando así a autonomía necesaria no alumnado.

- **En canto aos recursos humanos:**

- O mestre/a titor/a contará polo menos cunha persoa de apoio na aula, sobre todo naqueles momentos nos que o alumnado teña que realizar tarefas para as que non goza da autonomía suficiente e coa intención de que etas se realicen de forma que xeren unha aprendizaxe.
- Para o primeiro día porase a disposición das aulas de 3 anos ao profesorado de apoio e os especialistas.

- **En canto ás actividades irán encamiñada á:**

- Coñecer as rutinas mais salientables da aula: saúdo, presentación, asemblea, control de asistencias, calendario, escoller o recanto...asamblea final para lembrar o feito no día.
- Identificar o seu espazo persoal, colocando os carteis co nome, coa foto, co nome e coa foto...
- Coñecer os espazos e recantos da aula. Mais adiante tamén realizaranse visitas aos diferentes espazos do centro. Con estas primeiras exploracións as criaturas empezarán a tomar conciencia do ambiente no que se atopan.
- Interactuar coas compañeiras e compañeiros, para integrarse no grupo e crear os vínculos necesarios para a súa constitución. Presentaranse, polo tanto, mais propostas de actividade en grupo que individuais.
- Ir establecendo os hábitos e algunhas normas de convivencia básicas e iniciándose en fórmulas de resolución de conflitos.

- Usar materiais diferentes para que os coñezan, manipulen, compartan e recollan adecuadamente.

Planificaranse tamén actividades específicas como:

- O encargado ou protagonista do día.
- Actividades de enlace casa-escola; e dicir, actividades que se inicien na escola e poidan completarse na casa.
- Non esqueceremos o momentos de gran emotividade e rituais de socialización de gran forza como as cancións, xogos ou contos.
- Actividades para implicar ás familias que acompañan aos nenos os primeiros días dentro da aula.

Aínda que o primeiros días terán un tempo de libre nos recantos, a mestra ou mestre deberá ir incorporando lentamente propostas de grupo distintas ao xogo libre. Isto é, algunhas actividades nas que todos participen simultaneamente.

Os traballos que o alumnado realice nestes primeiros días deben viaxar a casa para er amosado e valorados polas familias, de xeito que se compartan esas primeiras experiencias.

SUXESTIÓN PARA OS PRIMEIROS DÍAS

- Designar unha persoa de referencia que será a encargada de acompañar a nena ou o neno os primeiros días á escola e facer de ponte entre o contorno familiar e o novo espazo no que ten que integrarse.
- Espertar a nena ou o neno con tempo abondo para almorzar e vestirse con calma.
- Procurar chegar puntual, respectando horarios de entrada para que non perdan dinámicas e rutinas comúns.
- Facer despedidas afectivas pero curtas, con tranquilidade, sen mentir sobre a onde imos ou sobre o tempo que imos tardar en vir, amoando despreocupación e normalidade.
- Non acaparar ao profesorado nos momentos de entrada ou de saída, porque deberá ocuparse de moito alumnado e das súas e dos seus acompañantes.
- Recoller as nenas e os nenos con puntualidade para evitar frustracións e desgustos inútiles. Nestes intres, acollelas e acollelos afectuosamente

pero obviando as súas queixas e centrándose no que fixeron, nas compañeiras e nos compañeiros... Valorar o traballos que poidan levar á casa, interesarse por todo o que aconteceu, facerlles preguntas sobre o profesorado...

- Non presentarlle á súa filla ou ao seu fillo unha imaxe idealizada da escola, para evitar que teña expectativas irreais pero tampouco usar a escola como ameaza, como castigo ou como mal menor.

ANEXO VI

CADERNO DE NENOS.
NORMAS DE CONVIVENCIA

Paderno das Arenas

**CEIP TARRÍO
CULLEREDO**




**Aprendo a
convivir:
As regras**

AS NOSAS NORMAS DE CONVIVENCIA

NORMAS	INFRACCIÓN	MEDIDAS A ADOPTAR
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Respeitar aos demais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Burlas, insultos e palabrotas ▪ Pelexas ▪ Contestar de maneira insolente ▪ Interromper as explicacións. ▪ Faltar ao respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Amoestación oral ▪ Reiteración: minuto de reflexión e parte de incidencias. ▪ Se un alumno que habitualmente se salta esta norma consegue respectala daráselle un parte positivo ▪ Se o consegue regularmente durante o trimestre reflectirase no boletín de notas
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Falar baixo, sen dar voces. ▪ Respeitar o turno de palabra 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Interromper a clase para boicotear a explicación ▪ Falar a gritos ▪ Non deixar falar aos compañeiros que teñen o turno de palabra. ▪ Facer ruídos e xestos innecesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Amoestación oral ▪ Reiteración: parte de incidencias. ▪ En varias asignaturas: entrevistas co alumno. ▪ Chamar aos pais ▪ Non atender ao alumno ▪ Parte positivo se deixa de facelo ▪ Reflectirase no boletín de notas se hai unha melloría estable.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Traer o material da asignatura 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Non traer o material necesario para poder traballar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Amoestación oral ▪ Reiteración (en casos individuais graves): parte de incidencias, citación aos pais
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Manter unha postura correcta na clase e non levantarse sen motivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Levantarse, saír da clase 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Amoestación oral ▪ Reiteración: parte de incidencias ▪ No caso dos alumnos que melloren este aspecto: parte positivo, reflectilo no boletín de notas.

NORMAS	INFRACCIÓN	MEDIDAS A ADOPTAR
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Manter a aula limpa e ordenada e coidar o mobiliario 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Pintar ou raiar as mesas ▪ Romper o material ou mobiliario ▪ Tirar papeis,... ao chan 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recordar a norma ▪ Obrigar ao alumno a limpar o manchado (fora da hora lectiva) ▪ Colaborar na reparación ▪ En casos graves, parte de incidencias informando á xefatura de estudos
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Axudar aos compañeir@s e compartir o material. ▪ Respectar as cousas dos compañeiros 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Non axudar ou non compartir o material cos compañeir@s. ▪ Esconder mochilas, material , roupa... ▪ Romper intencionadamente ou roubar mochilas, material, roupa... 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Tratar o tema na asemblea de clase (en titoría). ▪ No caso de sustraccións ou roturas intencionadas: parte de incidencias ▪ Reposición
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Facer todas as tarefas de clase 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Non facer o traballo encomendado 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Amoestación oral ▪ Reiteración: parte de incidencias. ▪ Comunicación aos pais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ser amable: pedir as cousas por favor e dar as grazas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Non amosar amabilidade 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Amoestación oral ▪ Recordar a norma ▪ Reiteración: traballo específico.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Anotar na axenda o marcado polos profesor@s 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Non levar a axenda ao día 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Amoestación oral ▪ Recordar a norma ▪ Reiteración: parte de incidencias ▪ Comunicación aos pais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Non comer nin beber na clase 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comer e beber na clase 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recordar a norma e indicar ao alumno que o garde na mochila ▪ Incumprimento, reiteración: parte de incidencias
<p>Ante unha conducta grave de falta de respecto á dignidade das persoas, que poidera supoñer o abandono momentáneo da aula, o profesor/a pedirá ao delegado/a que busque o profesor/a de guardia para atendelo no que reste de clase ou acompañalo ao despacho do xefe de estudos.</p>		

Para unha boa convivencia no colexio é necesario que nos respectemos, colaboremos uns cos outros e nos sintamos a gusto formando parte dun mesmo proxecto.



Todos temos que aprender a convivir e marcarnos unhas regras de xogo que sexan respectadas por todos.

ANEXO VII

PLAN DE ACOLLIDA E
ATENCIÓN AO ALUMNADO
ESTRANXEIRO

PLAN DE ACOLLIDA E ATENCIÓN AO ALUMNADO ESTRANXEIRO

(art. 6º da Orde do 20 de febreiro de 2004)

ÍNDICE

1.	XUSTIFICACIÓN	2
2.	REFERENTES E BASE LEXISLATIVA	2
3.	SITUACIÓN DE PARTIDA	3
3.1.	REALIDADE DO NOSO CENTRO	3
3.2.	CARACTERÍSTICAS E NECESIDADES DO ALUMNADO INMIGRANTE	5
4.	OBXECTIVOS	5
5.	ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO. ACTUACIÓNS	6
6.	PROCESO DE MATRICULACIÓN DO ALUMNADO INMIGRANTE	7
6.1.	A ACOLLIDA NO CENTRO	7
6.2.	1ª ENTREVISTA COA FAMILIA	7
6.3.	AVALIACIÓN INICIAL	7
6.4.	ADSCRICIÓN A UNHA TITORÍA E PROPOSTA DE MEDIDAS A ADOPTAR	8
6.4.1.	ADSCRICIÓN	8
6.4.2.	MEDIDAS A ADOPTAR	9
6.5.	MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO CON DESCOÑECEMENTO DE CALQUERA DAS LINGUAS OFICIAIS DA NOSA COMUNIDADE	9
6.6.	2ª ENTREVISTA COA FAMILIA	10
7.	A ACCIÓN TITORIAL CO ALUMNADO INMIGRANTE	10
7.1.	ACOLLIDA NA AULA	10
7.2.	A ACCIÓN TITORIAL CO ALUMNO	13
7.3.	A ACCIÓN TITORIAL COAS FAMILIAS	13
8.	RECURSOS	13
9.	AVALIACIÓN DO PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO ESTRANXEIRO.	13
10.	ANEXOS.	13
	ANEXO I: Sobre de matrícula con carpeta de acolliada.	
	ANEXO II: Recollida de datos	
	ANEXO III: O alumno/a titor/a	
	ANEXO IV: Información sobre o sistema educativo español	
	ANEXO V: Recursos	
	ANEXO VI: Proposta Ensino-Aprendizaxe	

PLAN DE ACOLLIDA E ATENCIÓN AO ALUMNADO ESTRANXEIRO

(art. 6º da Orde do 20 de febreiro de 2004)

1. XUSTIFICACIÓN

A chegada progresiva de alumnado doutros países á nosa comunidade educativa fai que sexa preciso ampliar o concepto de diversidade ás necesidades de atención que presenta parte desta poboación en idade de escolarización obrigatoria.

Aínda que contamos no centro co Plan de Atención á Diversidade que recolle as atencións xerais e específicas para abordar a atención ás necesidades educativas do noso alumnado, faise preciso abordar un plan de actuación con este alumnado para a integración da diversidade intercultural.

Este plan de acollida pretende recoller e organizar as intervencións educativas e as actuacións encamiñadas a facilitar a adaptación do alumnado procedente do estranxeiro que se incorpora por primeira vez ao noso sistema educativo, tendo presente que o feito de escolarizar a un alumno ou alumna estranxeiro non implica necesariamente a aplicación de medidas extraordinarias de escolarización. A aplicación das medidas e propostas que se deberán aplicar dependerá da situación particular da cada alumno/a.

Pretendemos involucrar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento deste Plan, xa que só coa súa implicación podemos poñer en primeiro termo o valor da interculturalidade.

As actuacións que se formulen deberán de favorecer tanto ao alumnado de nova incorporación como ao resto dos nenos e nenas, polo que estarán dirixidas aos que se incorporan, pero sen esquecer aos que acollen, nun proceso continuo, que comeza coa creación dun ambiente favorable no centro no momento da chegada do alumno/a e da familia.

Estas actuacións desenvolveranse mediante actividades propias de ensino e aprendizaxe que favorezan a adquisición das competencias académicas e sociais e que conclúe coa avaliación e seguimento da resposta educativa.

2. REFERENTES E BASE LEXISLATIVA

Este Plan de Acollida do alumnado estranxeiro forma parte do Proxecto Educativo do Centro e redáctase en coherencia co resto dos seus elementos, afondando de xeito especial nos seguintes documentos institucionais:

- Plan de Atención á Diversidade
- Plan de Acción Titorial
- Plan de Convivencia
- Plan de Acolliada
- Plan de Orientación

Para a elaboración do presente Plan tomouse, ademais, como referencia a seguinte base lexislativa:

- LOE 2/2006 do 3 de maio.
- Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 130/2007 pola que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e demais disposicións legais en materia educativa de Galicia.

E, precisamente a Orde do 20 de febreiro de 2004, específica para o alumnado de procedencia do estranxeiro, establece, entre outros aspectos, a necesidade de que nos proxectos educativos do Centro e os documentos de desenvolvemento curricular “inclúan criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao seu alumnado procedente do estranxeiro”. (art. 5º); así como que os “plans de orientación e de acción titorial recollerán actuacións especificamente deseñadas para o seu alumnado procedente do estranxeiro. Estas incluírán plans de acolliada para ese alumnado así como de seguimento do seu proceso de integración escolar por parte do profesorado titor.


3. SITUACIÓN DE PARTIDA

3.1. REALIDADE DO NOSO CENTRO

O CEIP de Tarrío tivo un período de grandes cambios. Hai seis anos e, despois de 33 anos de existencia, escolarizamos alumnado de educación infantil e sufriu un crecemento vertixinoso. Estes cambios supuxeron grandes esforzos para unha axeitada acolliada deste novo alumnado. As novas familias que se incorporan ao centro, que na súa maioría pertencen a outras zonas de escolarización, non teñen o mesmo denominador común que as familias de sempre, todas elas ligadas á vida do centro, que sinten como propio porque nel estudiaaron eles ou alguén da súa familia. Este foi un gran reto nestes anos: non deixar de ser quen somos incorporando aos novos pais e nais na dinámica deste colexio, co mesmo espírito familiar que nos caracteriza.

Ademais do anterior, nos últimos anos vén medrando de xeito espectacular o alumnado procedente do estranxeiro, contando nas nosas aulas con nenos e nenas procedentes de distintos países (europeos, norte e sudamericanos, asiáticos e africanos) e hai que sinalar que a incorporación de moitos deles prodúcese despois de terse iniciado o curso.

Esta multiculturalidade trae consigo niveis e estilos de aprendizaxe tan persoais como cada un dos alumnos e do seu conseguente grao de competencia curricular, no que rara vez coinciden.



A chegada deste alumnado inmigrante á escola supón enfrontarse a unha situación nova, unha cultura diferente, compañeiros/as e profesorado diferentes, unha lingua nova...

De aí a importancia de establecer unha serie de medidas que pretendemos recoller no presente Plan de Acolida, para facilitar que o alumno/a se integre ao ritmo da aula o antes posible, en condicións de igualdade co resto dos compañeiros e compañeiras.

3.2. CARACTERÍSTICAS E NECESIDADES DO ALUMNADO INMIGRANTE

A realidade e situación deste alumnado determina as súas necesidades educativas, que haberá que ter en conta para o deseño de propostas individualizadas, pero, aínda que é un colectivo heteroxéno en canto á procedencia, a miúdo manifestan unhas características comúns:

Tal e como se recolle na Orde do 20 de febreiro de 2004, o alumnado procedente do estranxeiro pode reunir algunha das necesidades educativas seguintes:

- Descoñecemento de ámbalas dúas linguas oficiais na nosa comunidade.
- Procedencia dun país no que se fala a lingua castelá ou coñece o idioma.
- Desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería por idade.
- Presentar graves dificultades de adaptación ao medio debido a razóns sociais ou culturais.

Pero esta poboación escolar tamén nos ofrece unhas características positivas para a educación de todo o alumnado que deberemos aproveitar na nosa práctica educativa, como:

- A aprendizaxe práctica da tolerancia e do respecto polo diferente.
- Unha cultura e costumes diferentes, que contribúen a ampliar os coñecementos culturais, xeográficos, históricos e a visión global do mundo.
- O contacto coa diferenza que, ás veces pode introducir conflitos interculturais, forzará a ensinar e a aprender a resolver os conflitos, de xeito que todo o alumnado vaia madurando como cidadáns dunha sociedade plural.

Partindo desta realidade pasamos a definir os obxectivos que debemos asumir para facer fronte a esta situación.

4. OBXECTIVOS

Ante a necesidade de crear un ambiente propicio que permita a adaptación do alumnado inmigrante é necesario articular o Plan de Acolida en base aos seguintes obxectivos:

- Asumir como centro o deseño e posta en práctica das respostas educativas que necesita o alumnado procedente doutros países.
- Favorecer unha adaptación progresiva ao centro.
- Facilitar a escolarización, acollida e integración social e educativa do alumnado inmigrante xunto cos seus propios compañeiros e profesores.

- Organizar e planificar actividades dirixidas a integrar a este alumnado na dinámica escolar, así como aquelas persoas que as levarán a cabo.
- Aproveitar os momentos educativos e de enriquecemento que aportan as diferentes culturas na aula. Desenvolver aqueles aspectos relacionados co mantemento e difusión da lingua e cultura propia do alumnado.
- Promover o acceso, permanencia e promoción educativa, articulando medidas que fagan efectiva a compensación de desigualdades de partida e orientando a súa promoción no sistema educativo.

5. ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO. ACTUACIÓNS.

ACTUACIÓN	QUEN?	DOCUMENTOS	FAMILIA
Proceso matriculación Recollida de información	Secretaría do centro	Documentos matrícula Cuestionario recollida información alumnado inmigrante.	Aporta documentos. Recibe información sistema educativo , centro.
Escolarización provisional	Xefe de estudos	Criterios: avaliación inicial, idade, nivel coñecemento linguas...	Recibe información da provisionalidade e razóns para elo.
Avaliación inicial	Profesorado Orientación	Probas de avaliación para determinar niveis competencia curricular, linguaxe...	
Avaliación por Áreas curriculares Hábitos, características persoais relevantes...	Titor/a Orientación	Informe de avaliación inicial	Aporta información, documentos académicos, material escolar...
Escolarización definitiva	Equipo Directivo Orientación	Valoración documentos Informe escolarización definitiva e necesidade, no caso, de medidas concretas: RE, Plan de apoio nas linguas, ACI non significativa.	Recibe información sobre escolarización
Actividades de acollida	Titor/a Profesorado	actividades de acollida	
Desenvolvemento da adaptación proposta, no seu caso	Titor/a da aula, profesorado especialista, profesorado de apoio (PT.AL)	Documento de Reforzo Educativo, propostas de atención específica	Recibe información sobre as medidas adoptadas
Orientacións sobre o proceso de avaliación inicial e integración no centro	Departamento de Orientación	Orientacións proposta específica	

6. PROCESO DE MATRICULACIÓN DO ALUMNADO INMIGRANTE

6.1. A ACOLLIDA NO CENTRO

Esta función corresponde ao secretario do Centro, pero debe ser apoiada por algún membro do Equipo Directivo e a Orientadora, que ademais servirá de enlace co resto do equipo do centro nos primeiros días de escolarización. Neste momento explicaráselles como é o noso sistema educativo, cal vai ser o proceso a seguir para escolarizar ao seu fillo/a nun curso determinado, e a documentación necesaria para formalizar a matrícula, así como as axudas ás que pode acceder.

6.2. 1ª ENTREVISTA COA FAMILIA

Para unha primeira toma de contacto celebrarase unha reunión co secretario e Orientadora, o alumno/a e a súa familia, solicitando unha persoa que medie na comunicación, se fose necesario.

Nesta reunión proporcionaráselle toda a información que lle sexa útil para a súa adaptación ao Centro, á vez que se recolle información do alumno e se lle explica o proceso de avaliación que se vai levar a cabo para incorporar ao alumno/a a un curso determinado.

O centro, ademais da oportuna documentación necesaria para a matriculación e as axudas que pode solicitar, aportará cando menos: o tríptico do colexio (horarios, estrutura, funcionamento, servizos de comedor e transporte...), calendario escolar, normas de convivencia, información sobre a ANPA e as actividades extraescolares... (**anexo I**: sobre de matrícula)

A familia, pola súa parte, debe aportar, no caso de existir, toda a documentación escolar do país de orixe e/ou outra que considere de interés e será imprescindible para a posterior toma de decisión a cumplimentación da ficha de recollida de datos que figura no **anexo II** deste Plan.

6.3. AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial porase en marcha no momento que se coñeza a chegada de alumnado procedente do estranxeiro ao centro.

O Departamento de Orientación será o encargado de coordinar e involucrar ao profesorado que sexa preciso para realizar as probas oportunas e decidir o grupo en que se escolarizará ao alumno/a e as medidas específicas a tomar, para o que será preciso contemplar os seguintes aspectos:

- Escolarización anterior.
- Coñecemento dalgunha das dúas linguas oficiais de Galicia e, en caso afirmativo:
 - Valoración da competencia lingüística: expresión, comprensión...

- Valoración da competencia curricular do alumno/a nas áreas instrumentais: Lectura, expresión escrita, razoamento, cálculo, seriacións...
- Probas psicopedagóxicas coa finalidade de aportar información sobre o grao de madurez do alumno/a.

6.4. ADSCRICIÓN A UNHA TITORÍA E PROPOSTA DE MEDIDAS A ADOPTAR

6.4.1. ADSCRICIÓN

Unha vez recollida e analizada toda a información e determinado o nivel de competencia tanto curricular como, esencialmente, o dominio dalgunha das dúas linguas oficiais, o xefe de estudos e a orientadora asignaranlle un grupo entre os do nivel proposto, tendo en conta o establecido na disposición adicional, apartado 3, da Orde de 20 de febreiro de 2004, así como no Decreto 130/2007, do 28 de xuño.

Os criterios a ter en conta serán:

- A escolarización do alumnado que se incorpora tardiamente ao sistema educativo por proceder doutros países realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico.
- Cando presente graves carencias na lingua de escolarización do centro, realizará un programa de inmersión lingüística que será, en todo caso, simultáneo á escolarización nos grupos ordinarios, cos cales compartirá o maior tempo posible do horario escolar.
- Os alumnos e alumnas que presenten un desfase no seu nivel de competencia curricular de máis dun ciclo poderán ser escolarizados nun curso inferior ao que lles corresponde por idade, adoptando as medidas de reforzo educativo máis adecuadas para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do desfase curricular. No suposto de superar o desfase, incorporárase ao curso que lle corresponde por idade
- A idade cronolóxica do alumnado que se vai incorporar, non podendo incorporalo a grupos con diferenza de idade superior a dous anos, en ningún caso se producirá a incorporación do alumnado nun curso inferior aos dous anteriores ao que lle correspondería por idade (DOG do 26 de febreiro de 2004).
- Os resultados da avaliación inicial e a opinión do profesorado de Ciclo e do Equipo Directivo atendendo a :
 - número de alumnado da aula.
 - Alumnado con NEAE.
 - Escolarización doutro alumnado estranxeiro.
 - Dinámica do grupo
 - Informe/proposta do Departamento de Orientación.

- Esta adscripción a grupo será flexible, en algunha ocasión poderá proporse cambios de nivel/clase se se cren convenientes.

6.4.2. MEDIDAS A ADOPTAR

No que respecta ás medidas a adoptar, con carácter xeral, seguirase o establecido no Plan de Atención á Diversidade do centro e no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, contemplando as medidas de atención escolar para este alumnado que se recolle na Orde do 20 de febreiro de 2004:

- De tipo curricular:
 - o Reforzo educativo
 - o Adaptacións curriculares
 - o Flexibilización de idade
- De tipo organizativo:
 - o Grupos de adquisición das linguas
 - o Grupos de adaptación curricular

Será imprescindible facilitar ao titor/a e ao profesorado especialista a información recollida polo Departamento de Orientación, a orientación e asesoramento que sexan necesarios para a atención ao alumno/a e as medidas de apoio que se deben levar a cabo.

6.5. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO CON DESCOÑECEMENTO DE CALQUERA DAS LINGUAS OFICIAIS DA NOSA COMUNIDADE

No caso dun alumno ou alumna que descoñece calquera das dúas linguas oficiais de Galicia, procederase á asignación de nivel por idade, dado que no é viable a determinación do nivel por competencia curricular, salvo que os datos aportados pola familia aconsellen outra decisión ou en caso de sospeita dalgunha minusvalía ou necesidade específica, coa conseguinte actuación do Departamento de Orientación.

Dependendo do nivel asignado poñeranse en marcha as seguintes medidas:

- Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria: Procurarase que realice esta aprendizaxe por inmersión lingüística e unha atención normalizada no grupo clase, excepcionalmente poderán establecerse grupos flexibles nos termos indicados pola lexislación e cando exista un grupo de alumnado suficiente. Aínda así poderá valorarse a conveniencia de adscribilo ao grupo de adquisición da lingua, de existir.

- 2º e 3º ciclos de Educación Primaria: serán necesarias outras medidas que faciliten a aprendizaxe da lingua o antes posible, esta aprendizaxe realizarase en grupos específicos de adquisición da lingua se hai número suficiente de alumnado ou con atención individualizada por parte de profesorado do centro con dispoñibilidade horaria e o profesorado de apoio, tendo en conta que o alumnado procedente do estranxeiro non ten por que requirir de apoio de PT e/ou AL.

Coa finalidade de facilitar a integración escolar e social, así como para a necesaria adquisición de habilidades comunicativas básicas do alumno, este permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física e educación artística, cando menos. Así mesmo é recomendable a súa presenza nos tempos de rutinas, instrucións, actividades colectivas...

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición e de acordo coa normativa, será 5 períodos lectivos no último curso de E. Infantil, 10 no 1º ciclo de E. Primaria e 20 no 2º e 3º ciclos de E. Primaria nun tempo máximo dun trimestre, salvo autorización da ampliación excepcional pola inspección educativa.

Estes tempos deberanse ir reducindo progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.

O horario deste alumnado elaborárase tendo en conta todo o profesorado que intervén e no caso de saír de aula ordinaria é recomendable que o faga mentres o resto do grupo leva a cabo actividades naquelas áreas nas que a lingua é obxecto de estudo ou o único soporte a traballar.

Unha vez adquirida a competencia lingüística imprescindible, determinarase, conforme ao PAD, a necesidade de reforzo educativo e o tipo de apoio preciso para que o alumnado acade os obxectivos mínimos previstos.

6.6. 2ª ENTREVISTA COA FAMILIA

Nunha segunda entrevista, e unha vez tomadas as decisións sobre o alumno/a, presentaráselle á familia e ao alumno/a ao seu titor/a, diráselle que materiais necesitará e teráselle permanentemente informada sobre o proceso educativo do seu fillo/a, facendo fincapé na importación de manter contactos habituais co centro e a necesaria colaboración familiar no avance académico do seu fillo/a.

7. A ACCIÓN TITORIAL CO ALUMNADO INMIGRANTE

7.1. ACOLLIDA NA AULA

Antes da incorporación do novo alumno/a, o titor/a debe anticipar a situación ao seu alumnado para que sexa ben acollido por todos/as:

- Avanzar algo do seu idioma, da súa cultura, das súas diferenzas...

- Transmitir ao grupo as recomendacións necesarias, facendo fincapé na conveniencia de dar un bo modelo lingüístico: empregar frases sinxelas pronunciando adecuadamente, falar sen xesticular excesivamente ou berrando...
- De ser posible, sería conveniente ter elaborados carteis de benvida en galego, castelán e no seu idioma.

O primeiro día de clase, despois da recepción do alumno/a no centro por parte da Orientadora ou alguén do Equipo Directivo, será acompañado á súa alula para presentarlle ao seu titor/a e aos seus compañeiros.

Os primeiros días de clase resultan fundamentais no proceso de adaptación do alumno/a inmigrante. Por iso cada profesor/a debe planificar coidadosamente as actividades que vai realizar para facilitar a integración ao grupo do novo alumno/a.

Algunhas destas actividades poden ser:

- Actividades de benvida e presentación:
 - o Xogos de presentación
 - o Saudar nos diferentes idiomas
 - o Situar o país do novo alumno/a no mapa mundi.
 - o Buscar información sobre o país de orixe do compañeiro/a
 - o Visita ás instalacións comúns e habituais do centro...
 - o Ubicalo, de ser posible, doutro compañeiro da mesma nacionalidade ou outros que vexamos capaces de estimular a súa comunicación.
- Nomear un compañeiro/a titor/a (Anexo III)

Sen esquecer a necesaria implicación de todo o grupo no proceso de adaptación do novo alumnado, a titorización é unha actividade beneficiosa para os alumnos/as titores e tamén para os novos. As vantaxes educativas son moitas (sentirse útil, aumentar a autoestima, o sentido da responsabilidade, desenvolver a empatía,...) sempre e cando esta función non provoque a desatención das súas obrigas académicas.

Poderemos elaborar un distintivo (anexo II) para o alumno/a titor e esta función non debe recaer sempre na mesma persoa, caso de producirse varias incorporacións ao longo do curso.

Entre o alumnado voluntario da aula, designaranse os "compañeiros-titores" que acompañarán ao novo alumno/a, sobre todo se descoñece algún dos nosos idiomas e debера haber un acompañante específico para o uso do comedor e do transporte escolar.

A súas funcións serán:

- Acompañar, explicar rutinas, axudar na comprensión das instrucións...
 - Axudar a orientarse no espazo escolar
 - Introducir ao novo alumno/a nos xogos de patio.
 - Ensinar as palabras necesarias para nomear obxectos e accións habituais.
 - Axudar nas tarefas de clase
 - Ensinar e axudar a recordar o nome dos compañeiros/as
 - Colaborar co titor/a comunicándolle os problemas que detecte.
- Emprego de pictogramas para facilitar a comunicación

Os profesores/as poden recompilar fotos e debuxos e elaborar na clase os pictogramas que considere máis útiles. Tamén os alumnos/as poden facelos e poñelos en distintos lugares da aula. Os pictogramas serven como axuda durante a adquisición das primeiras estruturas lingüísticas, ao asociar cada imaxe a unha mensaxe verbal (ex.: facer a fila, saír ao recreo, silencio, ...).

- Preparar especialmente as actividades dos primeiros días
- Durante os primeiros días potenciaranse os traballos en grupos para favorecer os intercambios e as relacións.
- Procurarase que o novo alumnado participe o máis posible nas responsabilidades de aula, actuando por inmersión e con modelado.
- Programar actividades flexibles que se poidan compatibilizar con diferentes niveis de comprensión do idioma.
- Procurar que o alumnado dispoña do mesmo material que o resto da clase.

Na maioría dos casos van ser os propios compañeiros/as os que ensinen ao novo compañeiro/a a dinámica da clase e as frases de comunicación e relación máis habituais. Teremos que controlar que as relacións que se vaian establecendo sexan as naturais pola idade, evitando tanto o proteccionismo excesivo como as actitudes de rexeitamento e menosprezo.

Por outro lado, ademais das medidas de atención previstas polo centro e recollidas nos diferentes documentos, debemos ter en conta as aprendizaxes que se producen en espazos e situacións como recreos, xogos, relación cos compañeiros/as ... que favorecen a inclusión do alumnado na comunidade educativa e na sociedade.

7.2. A ACCIÓN TITORIAL CO ALUMNO

Con carácter xeral, seguirase o establecido no Plan de Acción Titorial para todo o alumnado, pero non podemos esquecer que este tipo de alumnos viven unha situación específica que por si mesma marca as súas necesidades educativas diarias, polo que precisa:

- Conseguir unha comunicación axeitada.
- Sentirse acollido/a e sentir afectividade.
- Coñecer a nosa cultura e costumes sen perdes as súas sinais de identidade.
- Cubrir as súas necesidades de recursos materiais para desenvolver o seu traballo académico.
- Sentirse parte do centro e da nosa sociedade.
- Sentirse tutelado e acompañado
- Establecer relacións persoais e de amizade cos seus compañeiros/as.
- Coñecer os espazos e funcionamento do centro.
- Que a súa familia se vexa implicada no proceso de integración escolar e social.

7.3. A ACCIÓN TITORIAL COAS FAMILIAS

O titor/a asignado en colaboración coa orientadora, manterán unha entrevista coa familia para informar do material que o alumno/a vai necesitar así como das medidas individualizada que se van levar a cabo.

A partires deste momento seguirase o recollido no Plan de Acción Titorial.

8. RECURSOS

Consideramos de importancia a utilización das novas tecnoloxías e demais recursos didácticos para facilitar canto antes a comunicación do alumno no medio escolar e social no que se atopa.

Recóllese en anexo V un banco de recursos en distintos soportes e en anexo VI unha proposta de Ensino-aprendizaxe.

9. AVALIACIÓN DO PLAN DE ACOLLIDA DO ALUMNADO ESTRANXEIRO.

Unha vez posto en marcha o Plan de A collida, faremos a pertinente avaliación do mesmo, analizar o grao de consecución dos obxectivos e das medidas propostas, para adecualo segundo as necesidades e incorporar medidas de mellora.

10. ANEXOS.

PLAN
DE
ACOLLIDA e ATENCIÓN ao ALUMNADO
ESTRANXEIRO

ANEXOS

ANEXO I: Sobre de matrícula con carpeta de acollida.

ANEXO II: Recollida de datos

ANEXO III: O alumno/a titor/a

ANEXO IV: Información sobre o sistema educativo español

ANEXO V: Recursos

ANEXO VI: Proposta Ensino-Aprendizaxe



DOCUMENTOS A ENTREGAR COA MATRÍCULA

TODOS	INFANTIL
<ul style="list-style-type: none"> • Impreso matrícula 	<ul style="list-style-type: none"> • Carné transporte sen número de bus
<ul style="list-style-type: none"> • Transporte paradas • Autorizo /non baixar sós 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro dos nenos: AMARELO
<ul style="list-style-type: none"> • Tríptico cole • Tríptico DO 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro dos pais: VERDE
<ul style="list-style-type: none"> • Relación libros e material por cursos 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro AZUL: período adaptación
<ul style="list-style-type: none"> • Autorizo fotos 	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionario avaliación inicial
<ul style="list-style-type: none"> • Solicitud comedor • Solicitud persoal colaborador 	<ul style="list-style-type: none"> • Circular material • Caderno biblio aula
<ul style="list-style-type: none"> • Caderno biblio verano 	<ul style="list-style-type: none"> • Así traballamos + 1º día+ reunión
<ul style="list-style-type: none"> • Información médica voluntaria 	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistrar no momento de entregar: grupo de adaptación (1 ou 2)
<ul style="list-style-type: none"> • Sobre ANPA 	<ul style="list-style-type: none"> • Probas de barrido do D.O.: CHEXI e/ou SDQ

RECOLLIDA DE INFORMACIÓN INICIAL ALUMNADO INMIGRANTE

Curso Escolar:

Data actual:

DATOS PERSOAIS

Nome:	Apelidos:
Data de Nacemento:	Idade:
Enderezo:	
Localidade:	Teléfonos:
País de procedencia:	Idioma de Orixe:
Tempo de residencia en España:	
Data de incorporación no centro:	

DATOS FAMILIARES

<u>Nome da nai:</u>	Tempo de residencia en España:
Nacionalidade:	Estudos:
Idade:	Profesión:
<u>Nome do pai:</u>	Tempo de residencia en España:
Nacionalidade:	Estudos:
Idade:	Profesión:
Composición actual do núcleo familiar-total:	En Galicia:
Lingua/as familiares:	
A familia entende <input type="checkbox"/> fala <input type="checkbox"/> o galego A familia entende <input type="checkbox"/> fala <input type="checkbox"/> o castelán	

DATOS MÉDICOS

Problemas de saúde:
Datos evolutivos destacables:
Centro de Saúde:
Nome do pediatra:

DATOS ACADÉMICOS

Escolarización no país de orixen: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>		
Número de cursos e niveis:		
Tipo de centro:		
Lingua de escolarización:		
Documentación aportada sobre a escolarización no seu país de orixe: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>		
Estivo escolarizado/a anteriormente en España? SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>		
Canto tempo?	Onde?	
Nivel de coñecemento da lingua:		
	GALEGO	CASTELÁN
	Nada Baixo Medio Alto	Nada Baixo Medio Alto
Expresión oral		
Comprensión oral		
Expresión escrita		
Comprensión escrita		
Coñecemento doutras linguas:		
Nivel de competencia curricular noutras áreas:		
Medidas de atención á diversidade aplicadas anteriormente: RE <input type="checkbox"/> REE <input type="checkbox"/> ACI <input type="checkbox"/> OUTRAS <input type="checkbox"/>		

CEIP TARRÍO-CULLEREDO



ALUMN@ TITOR/A

Nome:

Tutela a:

Funcións:

1. Facilitar a integración do compañeir@.
2. Presentar aos compañeir@s, profesorado...
3. Mostrarlle as instalacións e orientalo no funcionamento do centro.
4. Axudarlle a resolver problemas de comunicación.
5. Axudarlle nas tarefas escolares.
6. Cometar ao titor/a os problemas.

CEIP TARRÍO-CULLEREDO



ALUMN@ TITOR/A

Nome:

Tutela a:

Funcións:

1. Facilitar a integración do compañeir@.
2. Presentar aos compañeir@s, profesorado...
3. Mostrarlle as instalacións e orientalo no funcionamento do centro.
4. Axudarlle a resolver problemas de comunicación.
5. Axudarlle nas tarefas escolares.
6. Cometar ao titor/a os problemas.

CEIP TARRÍO-CULLEREDO



ALUMN@ TITOR/A

Nome:

Tutela a:

Funcións:

1. Facilitar a integración do compañeir@.
2. Presentar aos compañeir@s, profesorado...
3. Mostrarlle as instalacións e orientalo no funcionamento do centro.
4. Axudarlle a resolver problemas de comunicación.
5. Axudarlle nas tarefas escolares.
6. Cometar ao titor/a os problemas.

CEIP TARRÍO-CULLEREDO



ALUMN@ TITOR/A

Nome:

Tutela a:

Funcións:

1. Facilitar a integración do compañeir@.
2. Presentar aos compañeir@s, profesorado...
3. Mostrarlle as instalacións e orientalo no funcionamento do centro.
4. Axudarlle a resolver problemas de comunicación.
5. Axudarlle nas tarefas escolares.
6. Cometar ao titor/a os problemas.

ANEXO III: ALUMNADO TITOR – FICHA INCIDENCIAS

ALUMN@ TITOR/A

NOME: CURSO.....

TUTELA a:


Data de inicio: Data final:

FUNCIONES

1. **Facilitar a integración de evitando que se atope só e illado nos períodos de lecer.**
2. **Presentarlle a outros compañeir@s, profesorado...**
3. **Mostrarlle as instalacións e axudarlle a orientarse no centro os primeiros días. Orientalo tamén sobre o funcionamento do centro e hábitos de traballo: materiais, aulas...**
4. **Axudarlle a resolver os problemas de comunicación.**
5. **Axudarlle nas tarefas escolares.**
6. **Cometar ao titor/a os problemas que detecte.**

DIFICULTADES ATOPADAS	
DATA:	
DATA:	
DATA:	
DATA:	

ASPECTOS CONSEGUIDOS	
DATA:	
DATA:	
DATA:	
DATA:	



- Enseñanza Gratuita
- Formación Profesional
- Enseñanzas Artísticas
- Enseñanzas Deportivas
- Acceso con condiciones
- Prueba de Diagnóstico
- Prueba de Acceso

1. PÁXINAS WEB PARA O APRENDIZAXE DO ESPAÑOL:

http://www.carmengo.com/caste	Español para estranxeiros	
http://cvc.cervantes.es/aula	Curso de español para estranxeiros	Lecturas paso a paso, didacteca, diploma do español, pasatempos de Rayuela, outros...
http://cvc.cervantes.es/aula/mimundo	Aula "Mi mundo en palabras"	Material para nenos /as.
http://www.travlang.com/languages/indextext.html	Vocabulario básico para viaxeiros	Permite obter vocabulario básico bilingüe de 80 idiomas. Non se pode escoitar as palabras.
http://www.formación.pntic.mec.es/ofrecemos		
http://www.pnte.cfnavarra.es/profesorado/recursos	Tratamiento curricular del español	Propostas de ensinanza do español para primaria e secundaria.
http://babelnet.sbg.ac.at/carlitos	Español con Carlitos	Material de ensinanza aprendizaxe a distancia en tres idiomas: inglés, francés e castelán
http://www.edu365.com		Unidades didácticas para traballar aspectos da lingua castelá.
http://cvc.cervantes.es/aula/luna	Historias de debajo de la luna	Recolle testemuñas e entrevistas con inmigrantes.
http://www.aurora.patrick-nieto.fr/	Español para extranxeiros	Actividades para imprimir
http://www.edu.xunta.es/contidos/diccionariovisula/	Diccionario visual interactivo	Inicio na lingua galega

2. PÁXINAS WEB PARA ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR

http://www.educarm.es	Udicom	Unidade didáctica de educación compensatoria
http://www.educarm.es	CADI (Centro de Animación y Documentación Intercultural	Ofrece apoio, orientación e información ós profesionais da ensinanza así coma de materiais e recursos.
http://cnice.mecd.es/interculturamet/recurs1.htm	Unidade didáctica (Juegos del mundo)	Traballa a interculturalidade na área de Educación Física
http://cnice.mecd.es/interculturamet/recurs1.htm	UD : Interculturalidad a través do xogo	Traballa xogos nas diferentes áreas ou niveis
http://cnice.mecd.es/interculturamet/recurs1.htm	UD : Probabilidade e Estadística	Traballa a unidade de Probabilidade e Estadística dende un enfoque intercultural
http://cnice.mecd.es/interculturamet/recurs1.htm	Actividade de aprendizaxe cooperativo: Materias primas del sur	Modelo de actividade para estimula re desenvolver a aprendizaxe cooperativa
http://www.puntintercanvi.org	El mundo de Dunia	Lenguas de la Europa del Este y centros de interese.
http://www.educa.aragob.es/cpamanza/intercultural/inter.html	Páxina do Goberno de Aragón	Bancos de imaxes,materiais imprimibles, unidade didáctica, recursos para o aprendizaxe do español.
http://www.educastur.princast.es	Recursos didácticos para a ensinanza do español.	
http://www.mundolatino.org/rinconcito/	El rincocito	Portal para niños, webs educativas,proxectos, lingua-idioma.
http://www.elhuevodechocolate.com	El huevo de chocolate	Contos ,cancións,fichas educativas, matemáticas.....

3. OUTRAS PÁXINAS DE INTERESE

http://www.pnte.cfnavarra.es/profesorado/recursos/multiculti/documentación.php	Publicación propias	Plan de atención á diversidade
http://www.pnte.cfnavarra.es/profesorado/recursos/multiculti/documentación.php	Documentos de uso habitual nos centros educativos en diferentes idiomas	<ul style="list-style-type: none"> - Formulario de recollida de datos para o momento de incorporación. - Ficha informativa do titor para o profesorado e rexistro de progreso. Esquema do programade acollida
http://www.pnte.cfnavarra.es/profesorado/recursos/multiculti/documentación.php	Protocolos de avaliación inicial	De 2º a 6º curso avalliación de lingua castelá e matemáticas
http://www.pnte.cfnavarra.es/profesorado/recursos/multiculti/documentación.php	ACIs	Modelo de ACI non prescriptivo para infantil e primaria
http://alumnadoextranjero.blogspot.com/	Atención educativa para o alumno extranxeiro	Aspectos de interere para a acollida, a organización, a ensnanza do español como lingua extranxeira, materiais para superar o desfase curricular, actividades interculturais, etc.

4. MATERIAL BIBLIOGRÁFICO

- Español para ti.	. Centro de Profesorado de El Ejido. Consejería de Educación y Ciencia de la Junta de Andalucía	<ul style="list-style-type: none"> • Témolo no centro (pincho)
- Belén Muñoz. "Mis primeros días" Ed: SGEL	Cuaderno de español para alumnos inmigrantes).	Cuaderno de trabajo destinado a la enseñanza del español como segunda lengua para alumnos/alumnas inmigrantes recién llegado
- Ven a leer, Limugá, Viivencias. Autores varios.	Lectoescritura	Están no departamento de Orientación
- ¡Bienvenidos a España!	Cuaderno de lectoescritura	
- Ruth M ^a Pérez Medina. "Para ciudadanos y ciudadanas del mundo". Junta de Andalucía.	Cuaderno de lectoescritura	Vocabulario, presentaciones, estructura de frase y conceptos básicos. Témolo no centro (pincho)
- ApoloClic		<ul style="list-style-type: none"> • É una aplicación desarrollada con el programa Clic cuyo objetivo es el apoyo en la enseñanza de la lecto-escritura a base de ayudas gráficas.
- Ahmad Alkuwaifi, Montserrat Torres Fabrés."El mundo de Dunia" ED: D'Intercanvi.	Vocabulario	Lenguas de la Europa del Este: rumano, ruso, ucraniano, bulgaro y polaco.
- Viana Mercé, Orte Pilar. " Amigos". Curso de Español para niños y niñas.	Amigos	Vocabulario, estructura sintáctica.

- Carolina Caparrós y Charlie Burnham. " Super Drago" I y II. Ed: SGEL	Curso de español para niños y niñas	Vocabulario, estructura del lenguaje...
- Gloria López Garzón. " Enseñame a hablar: I y II". Ed: Grupo Editorial Universitario.	Lectoescritura	Apoyo a la comprensión lectora.
- Autores varios. " Una Rayuela: Español lengua viva: I y II"	Aprendizaje del idioma	Vocabulario, estructura del lenguaje...
- M ^a Luisa Iagartos, M ^a Isabel Martín, Ángeles Rebollo. " Entre amigos". Ed: SGEL.	Curso de español para niños y niñas Libro más CD	Cuaderno de trabajo destinado a la enseñanza del español como segunda lengua para alumnos/alumnas inmigrantes recién llegado
- Bedmar Moreno. " Educación Social de Inmigrantes". Ed: Grupo Editorial Universitario.	Español Básico	
- Bedmar Moreno. " Educación Social de Inmigrantes". Ed: Grupo Editorial Universitario.	Alfabetización	
- Bedmar Moreno. " Educación Social de Inmigrantes". Ed: Grupo Editorial Universitario.	Diccionario Ilustrado	
- Isidoro Pisonero, Jesús Sánchez Lobato, Isabel Santos, Raquel Pinilla."Pasacalle"	Curso de español para niños y niñas.	Contiene: Cuaderno de ejercicios, guía didáctica y libro de texto
- Fernando Marín Arrese, Reyes Morales Gálvez. " Los Trotamundos I: libro del alumno" Ed: Edelsa	Curso de español para niños y niñas	Libro del alumno
- M ^a Luisa Hortelano, Elena González. " La Pandilla I". Ed: Edelsa	Curso de español para niños y niñas	Contiene; libro alumno y cuaderno actividades.
- " El jardín de las letras". Ed: EDICINCO	Curso de español para niños y niñas	

- “ El jardín de las letras”. Ed: EDICINCO	Curso de español para niños y niñas	
- “ La selva de las oraciones”. Ed: EDICINCO	Curso de español para niños y niñas	
- “ El bosque de las palabras”. Ed: EDICINCO	Curso de español para niños y niñas	
- “ Aprendo lenguaje”. Ed: EDICINCO	Curso de español para niños y niñas	
- “ Aprendo gramática”. Ed: EDICINCO	Curso de español para niños y niñas	
- “ Soy lector”. Ed: EDICINCO	Curso de español para niños y niñas	
- Emilia Sánchez Fernández (Coord)“ Español poco a poco: nivel 0”. Ed: GEU	Curso de español para niños y niñas	
- Emilia Sánchez Fernández (Coord)“ Español poco a poco: nivel 1.1 y 1.2”. Ed: GEU	Curso de español para niños y niñas	
- Emilia Sánchez Fernández (Coord)“ Español poco a poco: nivel 2.1 y 2.2”. Ed: GEU	Curso de español para niños y niñas	

5- RECURSOS MATERIAIS

“Secuencias básicas: nivel I y II”. ED: AKROS		
“ Fitoloto- sonoro fonológico” Nivel 1 y 2. ED: Lebón	Discriminación auditiva de palabras	Incluye CD
Diccionario Chino- Español. Ed: Arguval		
Autodictado; verbos. ED: AKROS	Lenguaje. lectoescritura	
Autodictado; sustantivos. ED: AKROS	Lenguaje. lectoescritura	
Sharon G. Webber. “¿Qué dirías?”. Ed: Super Duper	Lenguaje oral.	Contiene tarjetas

PROPOSTA DE ENSIANZA - APRENDIZAXE

Será preciso adaptala ás necesidades concretas de cada alumno/a, que dependerá basicamente do dominio/recoñecemento dalgunha das linguas oficiais da nosa comunidade.

Con carácter xeral, o nivel de competencia lingüística pode ubicarse nalgún destes niveis:


NIVEIS		TRABALLO A REALIZAR
NIVEL 0	Nin fala, nin entende	Vocabulario SOS e vocabulario temático básico. Iniciación á lectoescritura. Linguaxe oral.
NIVEL 1	Non fala, pero entende palabras-frase: agua, doe...	Velocidade e comprensión lectora. Principios gramaticais e ortográficos. Contidos do ciclo. Lingua falada.
NIVEL 2	Utiliza palabras-frase e entende estruturas sinxelas.	Ampliación de vocabulario e fluidez verbal. Reforzo da lectoescritura. Avance en contidos curriculares.
NIVEL 3	Utiliza estruturas sinxelas, entende vocabulario básico.	Reforzo á lectura comprensiva e a expresión escrita. Apoio aos contidos curriculares.
NIVEL 4	Ten un bo nivel de expresión e comprensión, pero require cambios semánticos (sudamericanos)	En aula e/ou audición e linguaxe.

Tendo en conta a situación de partida do alumno/a, marcaremos os obxectivos e contidos a desenvolver, tanto no grupo de adquisición como na aula ordinaria.

1.OBXECTIVOS

- Desenvolver a linguaxe oral.
- Adquirir vocabulario básico.
- Desenvolver a fluidez verbal.
- Adquirir unha fluidez lectora.
- Desenvolver a comprensión lectora.
- Adquirir unha estrutura gramatical axeitada.
- Coñecer os principios ortográficos.
- Adquirir e afianzar a expresión escrita.
- Apoiar os contidos curriculares.

2. CONTIDOS

LINGUA ORAL	<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario S.O.S¹ - Vocabulario básico - Vocabulario a través de centros de interese. - Pequenos diálogos e conversación individuais e en grupo. - Aprendizaxe de novas palabras a través da lectura
LECTURA	<ul style="list-style-type: none"> - Pictogramas, vocais, sílabas e palabras (1º con apoio visual e despois sin el.) - Pequenas frases (3 ou 4 elementos). - Palabras de centros de interese, dictados e frases construídas. - Iniciación s dos sífonos se sílabas trabadas. - Lectura comprensiva das produccions propias (descrições, dictados, cartas, frases...) e de textos suxeridos.
<p>ESCRITURA</p>  <p>escribir</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Control de dominio do trazo mediante actividades de grafomotricidade. - Escritura dos seus nomes. - Escritura de vocais sílabas e palabras sinxelas cos fonemas estudiados. - Escritura de frases sinxelas. - Pequenos dictados. - Frases de 4 ou 5 elementos con palabras que teñan sílabas trabadas e sífonos. - Pequenas composicións libres e dirixidos (dictados) - Uso das regras ortográficas(maiúsculas, o punto....)

¹ VOCABULARIO S.O.S: Realízase a través de pictogramas.Facilita a comprensión dos enunciados que se desenvolven na aula.

Permite:

- Incorporación progresiva do alumno/a á actividade normalizada na aula.
- Coñecer as necesidades.
- Coñecer os coñecementos previos

3- METODOLOXÍA

- Desenvolver a clase nun ambiente distendido e rico en contido lingüísticos, onde se ofrezan situacións de aprendizaxe variadas e motivadoras.
- A aprendizaxe se desenvolverá en torno a situacións ou escenarios de comunicación próximos á experiencia dos nenos, coa finalidade de que poidan desde o primeiro momento aproveitar al máximo sus coñecementos e experiencias previas tanto lingüísticas como culturais.
- Empregaranse todas as técnicas para o desenvolvemento da expresión oral: lectura de imaxes, xogos con palabras, cancións, poesías, entrevistas, narracións de historias fantásticas ou reais, creación de diálogos para facer pequenas representacións.
- Destacaranse as semexanzas e diferencias que se observen en relación co país dos alumnos.
- Retroalimentación sistemática para lograr a transferencia e fixación das expresións lingüísticas.
- Utilizar feitos, situacións ou obxectos reais para desenvolver actividades de expresión oral e a comunicación libre en español, según a competencia lingüística dos alumnos.
- É importante cuidar o inicio e final de cada clase a fin de captar o interese o afianzar as funcións e contidos traballados.

4- RECURSOS E MATERIAIS: Ver anexo específico.

5-AVALIACIÓN

A avaliación é o instrumento que nos permite valorar o grao de consecución dos obxectivos e a adecuación das actividades que se programan para o curso.

Os criterios que se terán en conta para a valoración do traballo desenvolvido serán:

- Nivel de competencia lingüística acadado
- Clima de convivencia e de participación do alumnado
- Adecuación das actividades realizadas.
- Coordinación do profesorado implicado
- Interese do alumnado
- A adecuación dos materiais e recursos utilizados.

ANEXO VIII

DOCUMENTACIÓN INICIAL
CARPETA PROFESORADO



DOCUMENTACIÓN INICIAL CURSO 12-13 CONTIDO CARPETA PROFESORADO PRINCIPIO DE CURSO

SOPORTE PAPEL

1. Organización inicial do curso. Actividades do profesorado do 3 ao 11 de setembro.
2. Cuadro datos matrícula para o curso 12-13: datos a 3/09/12
3. Calendario Escolar: planilla (Faltan por sinalar os festivos locais para todos os centros educativos do Concello de Culleredo) + Horario semanal por áreas en Educación Primaria: Anexo III do Decreto 130/2007, do 28 de xuño (DOG 09/07/07)
4. Distribución horaria do centro.
5. Tríptico do centro
6. Guía Biblioteca: “Contos para os primeiros días” (E. Infantil e 1º ciclo)
7. Normas recepción libros de texto
8. Solicitud permisos e licencias: Anexo IV da Orde do 7 de abril de 2008
9. Ficha petición material profesorado
10. Caderno d@s alumn@s: normas de convivencia
11. Plan de saídas educativas: borrador para o debate
12. Plan de actividades do curso: borrador para o debate
13. Plantilla para o orlín das titorías
14. Aspectos organizativos das entradas, saídas e tempos de recreo

SOPORTE INFORMÁTICO.

• **LEXISLACIÓN:**

- Calendario Escolar 12-13: Orde do 13 de xuño de 2012. DOG 22 de xuño.
- Calendario laboral 2012 e 2013
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. LOE. BOE 106 de 4 de maio.
- Currículo de Educación Primaria: Decreto 130/2007 do 28 de xuño (DOG 09/07).
- Currículo de Educación Infantil: Decreto 330/2009, do 4 de xuño (DOG 23/6)
- Avaliación de E. Infantil: Orde do 25 de xuño de 2009 (DOG 10 de xullo)
- Avaliación de E. Primaria: Orde do 23 de novembro de 2007 (DOG 30/11)
- Centros plurilingües: Orde do 30 de xuño de 2010 (DOG 06/07)
- Modificación normativa elección horarios (adscripción): Orde do 28 de xuño de 2010 (DOG 06/07)
- Orde de 23 de xuño de 2011 (DOG 30 de xuño) pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



• **DOCUMENTOS CENTRO:**

- Plan de Acción Titorial e a súa programación anual.
- Plan de Atención á Diversidade
- Plan de Convivencia
- Plan de Acollida.
- Proxecto Lingüístico.
- Plan de integración das TICs
- Currículo CEIP Tarrío: Primaria e Infantil
- “Así traballamos” na E. Infantil
- Un día en Tarrío: E. Infantil e 1º ciclo
- Programas de mellora para o curso 12-13:
 - Plan de mellora das competencias básicas 12-13
 - Contratos programa:
 - Acompañamento fóra do horario lectivo
 - Mellora da lectura, escritura e cálculo
- Proxecto Lector do Centro
- Materiais para o desenvolvemento do proxecto lector:
 - PLSS: Programa de Lectura Silenciosa Sostida
 - Ler e escribir para... A maxia da lectura na E. Infantil de Tarrío.
 - Lectura competente e funcional
 - Zapato con ollos: obradoiro de escritura
- Plan de formación: 12-13 e 13-14
- Modelo de acta de xunta de avaliación.
- Modelo de PAT: programación de actividades e tarefas
- Libros e material funxible a aportar polo alumnado: xa solicitado en xuño
- Aspectos organizativos das entradas, saídas e tempos de recreo

DOCUMENTOS/MATERIAIS AULA.

En cada aula/titoría deberá haber os seguintes documentos:

- Probas de competencia curricular: pódense empregar para a realización da avaliación inicial do mes de setembro: desde inicial de 1º ata remate de 6º de lingua e matemáticas
- Coko-Loko: programa de cálculo mental.
- PAI: Proxecto de activación da intelixencia.
- Ser, convivir e pensar: caderno titorial por cada curso de primaria.
- Programa de lectura eficaz: Caderno de traballo e instrucións para o profesorado: de 2º a 6º de EP

ANEXO IX

DOCUMENTACIÓN
PROFESORADO SUBSTITUTO



DOCUMENTACIÓN PROFESORADO SUBSTITUTO

Cando un profesor/a substituto chega ao centro o xefe de estudos apórtalle:

- Axenda (se hai dispoñibilidade)
- Horario do centro
- Horario do grupo clase
- Calendario de gardas de transporte
- Calendario de gardas de recreos
- Menú

Habitualmente, a continuación, presentase aos coordinadores do ciclo para que estes completen a información referida ao ciclo.

En cada clase teñen que atopar os listados de alumnos, programacións, lexislación... que a principio de curso foron entregados a cada mestre ou impresos ou no pincho.

En caso de non ser así, entrégaselles un novo dossier que o contén.